



CONCELLO DE BOQUEIXÓN

Forte s/n
15881 Boqueixón (A Coruña)

Teléfono: **981- 51 30 52**
Fax: **981- 51 30 00**
correo@boqueixon.dicoruna.es
C.I.F.: **P-1501200-H**

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO

LUGAR: Casa do concello

DATA: 11 de marzo de 2015

HORA DE COMEZO: 20.05 horas

HORA DE REMATE: 22.30 horas

ASISTENTES:

Don Jesús Sanjuás Mera
Don Manuel Mouriño Varela
Don Jesús José Santasmarinas Devesa
Dona Raquel García Fraga
Don Antonio González Barral
Dona María Dolores García Couto
Dona Sonia Rodríguez Midón
Dona Adela Redondo Rendo
Don Jesús Neira Varela
Don Xabier Canabal Fernández
Don Perfecto Barcala Mosquera

AUSENTES:

Ninguén

No salón de sesións da casa do concello presidindo o alcalde don Jesús Sanjuás Mera, reuníronse os concelleiros que se relacionan anteriormente, asistidos pola secretaria - interventora dona Elena Suárez Rodríguez, co obxecto de realizar a sesión ordinaria do Pleno que foi convocada cos requisitos legais.

ORDE DO DÍA

- 1. Aprobación da acta anterior**
- 2. Aprobación nome travesía Luís Bragaña**
- 3. Modificación prezo axuda no fogar**
- 4. Aprobación inventario**
- 5. Aprobación incremento complemento de destino e modificación RPT**
- 6. Informe de morosidade 4º trimestre do 2014**

- 7. Aprobación ordenanza reguladora dos procedementos de intervención nos actos de uso do solo e subsolo no exercicio de actividade e apertura establecemento**
- 8. Aprobación ordenanza reguladora da administración electrónica**
- 9. Recoñecemento extraxudicial de facturas 2014**
- 10. Proposta de finalización do contrato abastecemento e iniciación do expediente para a nova contratación**
- 11. Informe de Secretaría**
- 12. Información da alcaldía**
- 13. Moción número 15/378 do PP**
- 14. Rogos e Preguntas.**

DELIBERACIÓNS

1.Aprobación da acta anterior

Cos votos a favor do todos os presentes neste intre, apróbase a acta sa sesión anterior que tivo lugar o 14 de xaneiro de 2015.

2.Aprobación nome travesía Luís Bragaña

Neste momento cando son as 20.15 horas entra no salón de plenos a concelleira dona Sonia Rodríguez Midón.

Explica o señor alcalde que neste pasado ano, realizouse como obra do POS 2014, a construción da senda peonil para seguridade vial na Corna- Camporrapado, financiada pola Deputación da Coruña.

No lugar da Corna viviu, ata fai pouco tempo, un dos alcaldes deste concello que se caracterizou, ademais de por ser unha persoa de consenso, por ser o primeiro alcalde democrático que tomou posesión o día 3 de abril de 1979.

D. Luís Bragaña Neira foi un veciño moi querido, tanto na súa parroquia como no resto dos lugares do concello, distinguido polo seu carácter tranquilo e polo seu saber estar. Tamén foi un forte impulsor de obras de mellora nas comunicacións e nos centros deportivos e escolares.

Queremos agradecerlle a dedicación e a labor prestada a este concello, e a raíz das obras acometidas no lugar onde viviu, poñerlle á vía que pasa por diante da súa casa, o seu nome.

O señor. Canabal di que en principio, e como xa teño dito neste pleno, non son partidario en xeral de poñerlle nomes de persoas a ningún lugar. Creo que é mellor tirar proveito da rica toponimia dos lugares que temos.

Por outro lado, o modo de actuación do alcalde neste tipo de cousas, non me gusta. Creo que cando se trata de cuestións deste tipo, e cando se busque o voto unánime da corporación, os concelleiros debemos ser os primeiros en informarnos e opinar. E despois, corresponde ao alcalde trasladar unha proposta do conxunto da corporación, ou dunha parte dela.

O señor Barcala di que está de acordo coa proposición da alcaldía porque se foi unha persoa moi válida e coincide co señor Canabal en que debería consensuar sempre estas propostas e que de feito co anterior alcalde si se facía.

Sen máis, procedese coa votación e co voto a favor de todos os presentes acórdase:

1. Aprobar a denominación de Travesía Luis Bragaña, o tramo da AC-960 que atravesa o lugar da Corna, como agradecemento á labor desenvolvida como alcalde para este concello.
2. Dar conta deste acordo ao Instituto Nacional de Estatística.

3.Modificación prezo axuda no fogar

Neste intre, cando son as 20.20 horas, entra no salón de plenos o concelleiro don Manuel Mouriño Varela.

Na Xunta de Goberno que tivo lugar o 8 de xaneiro de 2015 acordouse iniciar e aprobar o expediente de contratación do servizo de axuda no fogar do Concello de Boqueixón. No punto 5 do prego de cláusulas administrativas para a contratación do servizo establécese en 13,48 €/h, IVE excluído, o prezo ordinario de licitación do SAF (correspondente ás horas prestadas os días laborables e sábados pola mañá) e en 14,25 €/h, IVE excluído, o prezo extraordinario (correspondente ás horas de servizo prestadas os sábados pola tarde, domingos e festivos).

Os ditos prezos difiren dos establecidos contrato anterior, cuxa data de finalización terá lugar o 22 de marzo de 2015.

Por todo o anteriormente exposto cómpre modificar o punto da ordenanza fiscal que regula a cota tributaria, de cara a aplicar o novo prezo do servizo tras a adxudicación do contrato.

O señor Canabal di : “Tentarei ser esquemático, mais compre botar man da hemeroteca:

1º- Pleno do 10/xullo/2013.

Faise un cambio de ordenanza do sistema claramente inxusto (disque daquela o impulsara a Xunta). Propuxeron daquela un cambio de ordenanza para convertela en máis inxusta, onde conta o custo efectivo do servizo por riba da capacidade económica do dependente. É dicir, canto maior sexa o grao de dependencia, canto maior sexan as necesidades, maior porcentaxe de pago, independentemente da capacidade de pago do dependente. Un prezo público claramente regresivo en termos fiscais e polo tanto, tamén inconstitucional.

Poñía como exemplo que dependentes con pensións entre 600 e 800 euros mensuais, pasarían a pagar entre 133 € e 200 €.

2º- Pleno do 13/novembro/2013

Péganlle vostedes outra volta máis á ordenanza porque lle quedaba mesmamente escasa; e fano disque en virtude do Decreto 149/2013 do 5 de setembro que lle dá nova redacción aos artigos 14.2, 59 e 61 do Decretazo 99/2012, do 16 de marzo. E para que o

fan? Para mellorar os servizos? Mesmamente non, senón para “foder” aínda máis aos dependentes.

- Pasan a cobrarlle aos dependentes o 40% con independencia da súa atención ou non, disque en concepto de reserva de praza.
- Modifican as táboas do copagamento, non distinguindo entre os niveis dos distintos graos.
- Trocan o límite da taxa, do 65% como máximo ao prezo por hora, ao 90%.
- Dispoñen un panel de servizos que incluso pagarán aqueles dependentes con rendas máis baixas (pasan a pagar algúns servizos incluso os que estean no limiar do IPREM).

En fin, o servizo de axuda a domicilio convértese máis ben nun luxo para as persoas ca nun dereito efectivo que estes deben ter.

Unha forma máis de exercer unha forma de violencia moi perigosa, a Violencia de Estado.

3º- Adxudicación do Servizo de Axuda a Domicilio.

En canto a isto, e á vista do Prego de Cláusulas feito para a adxudicación do Servizo de Axuda a Domicilio, que como xa dixen na Mesa de Contratación, renuncia a calquera baixa nos prezos da hora por parte das empresas, establecen un prezo, o mesmo que traen ao pleno de hoxe, sen coñecer tampouco “como?” e de “onde sacaron este prezo?”.

Renuncian tamén a coñecer se a xestión directa deste servizo pode ser máis barata, estar mellor xestionada que a través dunha empresa... En fin, vostedes está claro que externalizan servizos non por “razóns económicas” senón por “razóns ideolóxicas”. E quedo aquí mesmamente moi suave, en relación ao que podería dicir coa adxudicación do Servizo de Axuda a Domicilio do pasado ano 2012.

Visto todos estes antecedentes, pasemos aos datos do SAD de Boqueixón:

Etiquetas de fila	Media de TAXAS/HORA	Media de CONC/H
2011	1,08 €	11,09 €
2012	1,16 €	13,34 €
2013	1,21 €	14,08 €
2014	2,43 €	12,85 €
Total xeral	1,47 €	12,85 €

O incremento dende o ano 2011 nas taxas dos usuarios foi de 1,35 €/hora o que supón un incremento porcentual do 125%, mentres o custo asumido polo concello incrementou 1,77 €, o que supón un incremento porcentual do 16%.

Estas son as medidas anticrise que levan aplicando ao longo dos últimos anos. Está pois xustificado o voto en contra.

O señor Barcala di que lle parece excesivo o incremento no custo que se quere aprobar. Hai que ter presente (segue dicindo) o momento no que vivimos e fundamentalmente a quen vai dirixida a prestación deste servizo, que é xente maior cunhas pensións das máis baixas do estado e que levan anos sen apenas aumento.

Este servizo como tal, ten que cubrir gastos pero nunca xerar beneficios coma aquí se tenta facer, polo que o señor Barcala oponse a modificación do prezo de axuda no fogar por mor da crise brutal na que estamos metidos, e porque se houbese que modificar o prezo de axuda no fogar, sería en todo caso á baixa.

Sen máis, procédese coa votación e cos votos a favor dos representantes do PP presentes neste momento e en contra do concelleiro non adscrito e do concelleiro do PSOE, acórdase:

1. Modificar o punto 2 do artigo 5 (cota tributaria) da ordenanza fiscal reguladora da prestación do servizo de axuda no fogar, que queda redactado da seguinte forma:

“5.2 – Establecese o prezo da hora en 13,48 € para os días laborais e 14,25 € para os domingos e festivos”.

2. Publicar este acordo no BOP e no taboleiro de edictos e na páxina web do concello, durante 30 días e considerase o acordo definitivamente adoptado no caso da non presentación de alegacións ou reclamacións.

4.Aprobación inventario

Neste momento cando son as 20.30 entra no salón de plenos a concelleira dona Raquel García Fraga.

Con data 30 de setembro 2013, foi entregado no concello inventario municipal de bens elaborada pola Deputación Provincial da Coruña por medio dunha empresa adxudicataria dos traballos e cuxa adxudicación foi efectuada pola deputación.

Unha vez entregado, xa desde o concello, efectuáronse varias modificacións aínda que se deben efectuar outras co fin de engadir as vías públicas.

O señor Canabal di: “Neste caso estou pendente de facer unha revisión do inventario a fondo.

Celebro que por primeira vez aparezan as amortizacións no inventario, o que quere dicir que para o presente ano, cando se aprobe a conta xeral, a primeira parte, a relativa aos balances de situación, empezaran a ter xa algo de contido e interese económico.

Mais a pesares disto, **pois vou votar en contra do inventario**, seguimos vendo bens inventariados, concretamente 32 na lista que facilitaron, que aparecen xuridicamente baixo a fórmula de “*Unicamente se atopa inscrita no catastro*” e que son propiedades en moitos casos que o concello ten ou terá moitas dificultades para xustificar a súa titularidade, posto que os veciños din que non son propiedade do concello, como pode ser a casa de cultura de Camporrapado, a escola infantil e campo de fútbol do mesmo sitio ou incluso o CSC Ledesma e campo da festa/fútbol que aparece inventariado, inscrita no Rexistro da Propiedade e con título, a pesares de que a súa cesión ao concello non é clara.

En algún destes casos aparecen cesións (algunhas non son nin tan sequera cesións en propiedade) asinadas por xente que non ten capacidade representativa ningunha.”

O señor Barcala di que está sorprendido por dúas cousas fundamentalmente:

Primeiro – Pola valoración feita dos distintos elementos que compoñen este inventario. Cabe subliñar que o prezo que se lle da aos solares é a todas luces irrisorio inda sabendo que estamos en crises, pero ninguén tira as cousas. Di o Sr. Barcala que ao seu entender un solo solar ten o prezo establecido para todos, e o resto ¿qué pasa con eles, teñen valor cero?. Isto, so por citar un caso, pero hai máis, di o Sr. Barcala, e cita a título de exemplo o da casa que está enfronte do concello. ¿Cal é o valor de adquisición real deste inmovible? Ten o seu valor maior no solar, porque o estado da edificación é ruinoso, polo tanto isto ven darme a razón no anteriormente exposto (di o Sr. Barcala).

Segundo – Non hai acreditación de moitas parcelas. Basta citar, por exemplo, o solar no que se asenta a casa de cultura que non figura inscrita no Rexistro da Propiedade, pero hai máis. Temos con que acreditar a propiedade de moitas cousas ou como se di nalgún documento, “propiedade desde tempos inmemoriais”. Non.

Unha vez finaliza a súa exposición o Sr. Barcala, procédese coa votación e cos votos a favor do PP e en contra do concelleiro non adscrito e do concelleiro do PSOE, e tendo en conta os seguintes:

ANTECEDENTES:

- 1.- Con data 11 de xuño de 2008, foi solicitada a inclusión do concello de Boqueixón na III Fase de elaboración de inventarios municipais, da deputación provincial.
- 2.- Con data 22 de abril de 2010, rexistro entrada número 952 tivo entrada a Resolución da deputación da Coruña pola cal se selecciona ao concello de Boqueixón para a elaboración do inventario.
- 3.- Resolución da alcaldía de data 23 de abril de 2010, pola que se aceptan os traballos de elaboración do inventario, e se adquire o compromiso firme de tramitar a aprobación do inventario mediante acordo plenario.
- 4.- Con data 30 de setembro de 2013, recibíuse o inventario municipal do concello.
- 5.- Efectuadas as oportunas comprobacións, o departamento de urbanismo constata as deficiencias existentes no apartado das vías públicas, polo que o referido apartado terá que ser corrixido antes de proceder coa súa aprobación.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

- 1.- Artigo 17 do regulamento de bens das entidades locais, que establece: “as corporacións locais están obrigadas a formar inventario de todos os seus bens e dereitos, calquera que sexa a súa natureza ou forma de adquisición”.
- 2.- Artigo 33 do mesmo regulamento que establece que a rectificación do inventario verifícase anualmente.
- 3.- Artigo 34 que establece que o Pleno da corporación local será o órgano competente para acordar a aprobación do inventario, así como da súa rectificación e comprobación.

Acórdase:

1.- Aprobar o inventario municipal de bens de acordo co seguinte resumo por epígrafes:

		Valor Adq.	Valor Neto
Epígrafe 1:	Bienes Inmuebles	22.029.087,78 €	17.994.063,57 €
11090	Patrimonio entregado al uso general	5.930.488,72 €	5.930.488,72 €
12200	Solares	901.635,01 €	901.635,01 €
12201	Fincas Rústicas	386.168,39 €	386.168,39 €
12210	Edificios Industriales	41.750,00 €	39.105,45 €
12211	Edificios Administrativos	4.903.993,90 €	3.737.381,99 €
12213	Otras Construcciones	1.547.447,54 €	405.373,19 €
12221	Infraestructuras de Saneamiento	3.591.732,60 €	3.240.308,46 €
12222	Infraestructuras de Abastecimiento	2.841.728,32 €	2.616.725,83 €
12223	Infraestructuras de Alumbrado	1.884.143,30 €	736.876,53 €
Epígrafe 2:	Derechos Reales	124.938,27 €	114.514,74 €
22200	Solares	4.804,00 €	4.804,00 €
22210	Edificios Industriales	13.734,27 €	10.050,38 €
22211	Edificios Administrativos	106.400,00 €	99.660,36 €
Epígrafe 5:	Vehículos	954.012,66 €	55.915,39 €
52280	Elementos de Transporte	954.012,66 €	55.915,39 €
Epígrafe 7:	Bienes muebles	240.229,57 €	0,00 €
72230	Maquinaria	7.556,40 €	0,00 €
72240	Mobiliario	27.456,67 €	0,00 €
72260	Mobiliario	127.034,02 €	0,00 €
72270	Equipos procesos de Información	61.139,00 €	0,00 €
72290	Otro Inmovilizado Material	17.043,48 €	0,00 €
	TOTAL	23.348.268,28 €	18.164.493,70 €

2.- Expoñelo ao público durante 30 días mediante publicación no Boletín oficial da provincia , no taboleiro de edicto do concello e na páxina web municipal.

5.Aprobación incremento complemento de destino e modificación RPT

Visto o escrito presentado con data 13/02/2015, rexistro de entrada nº 15/281, polas traballadoras municipais, funcionarias da administración especial, dona Victoria Negrín Blanco (técnico de formación ocupacional, grupo A2, nivel 24) dona María del Rosario Iglesias Iglesias (psicóloga, grupo A1, nivel 24) e dona Ana Beatriz Díaz Míguez (Facultativa de arquivos e bibliotecas, grupo A1 nivel 24), solicitando o nivel de complemento de destino 26 sen que iso supoña incremento algún das súas retribucións posto que o incremento resultante de pasar CD-24 ao CD-26, dedúcese do complemento específico.

Tendo en conta, que o artigo 17 do estatuto básico de empregado público regula a carreira horizontal dos funcionarios de carreira, entre outras formas, mediante o sistema de graos.

Tendo en conta, así mesmo, o establecido no artigo 20. dous, da lei de presupostos xerais do estado 2015 que establece que no 2015, as retribucións do persoal ao servizo do sector público, non poderán experimentar ningún incremento respecto ás vixentes a 31/12/2014 e que as citadas funcionarias, solicitan que se lles reduza o correspondente incremento do complemento específico e se lles restitúa cando a lexislación o permita,

proponse ó Pleno a aprobación de ditos complementos de destino sen incremento de retribución.

O señor Canabal di que moi brevemente, posto que un non pode entender absolutamente de todo. En canto á suba do complemento de destino e modificación da RPT, dicir que me vou abster.

Se ben poden ter certa razón na exposición de motivos as tres traballadoras, tampouco parece moi lóxico que a praza de psicólogo (que non de sociólogo como vén na proposta plenaria) ou ben a de técnica de formación ocupacional e facultativo de arquivos e bibliotecas teñan un nivel superior ao da traballadora social.

Se falamos dos principios de igualdade, mérito e capacidade, temos que falar de todos. E tamén de como se convocaron as prazas de funcionario nesta administración.

Sei de antemán, que acabo de facer polo menos tres grandes amigas co que acabo de dicir, ou polo que acabo de calar.

Sen máis, procédese coa votación, e cos votos a favor dos representantes do PP e coa abstención do concelleiro non adscrito e o do PSOE, acórdase:

1 – Aceptar o escrito presentado por dona Victoria Negrín Blanco, dona María del Rosario Iglesias Iglesias e dona Ana Beatriz Díaz Míguez e consecuentemente aprobar o complemento de destino 26 para os postos de traballo seguintes incluídos na relación de postos de traballo:

- Técnico de formación ocupacional grupo A2.
- Psicólogo grupo A1
- Facultativo de arquivos e bibliotecas grupo A 1

2 – Reducir do complemento específico de cada posto, o importe correspondente ao incremento do complemento de destino 24 ao complemento de destino 26.

3 – Modificar a relación de postos de traballo, no senso de incluír nos citados postos o nivel de complemento de destino 26 e publicar esta modificación da RPT no boletín oficial da Provincia, no taboleiro de edictos do concello e na páxina web durante 15 días, e considerala definitivamente aprobada se durante dito prazo non se presentan reclamacións.

6. Informe de morosidade 4º trimestre do 2014

Dáse conta do seguinte informe de morosidade 4º trimestre do 2014.

O Sr. Canabal pregunta dende cando se contabilizan as facturas. Desde a chegada ao rexistro ou dende a aprobación en Xunta de Goberno.

Responde a secretaria que a morosidade iniciase dende a entrada da factura en rexistro, e unha vez transcorrido os 30 días para o seu aboamento, se procede. Diferente son os datos de expedición e emisión das facturas, que se regulan no Real Decreto 1619/2012 de 30 de novembro, polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación.

A) Informe sobre o cumprimento dos prazos previstos legalmente para o pago de obrigacións.

“I.- NORMATIVA APLICABLE

- Lei 37/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais..
- Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro. .
- RDL 2/2004, de 5 de marzo. Texto Refundido da Lei de Facendas Locais
- Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.

II.- CONSIDERACIÓNS

En aplicación do establecido na Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, nos seus artigos 4º.3 e 5º.4, canto á obrigatoriedade de informar o cumprimento, por parte desta Entidade Local, dos prazos previstos para o pago das obrigacións, que se concretan no art.1º.3 e o art. 3º.3 da citada Lei, para o trámite que proceda emítese o presente informe:

O prazo ao que se refire o art. 4º.3 da Lei 15/2010 é o establecido no art. 3º.3 da devandita lei que engade a disposición transitoria 8ª á Lei 30/2007, de Contratos do Sector Público, determinando que:

“Entre el 1 de enero de 2014 y el 31 de diciembre de 2014, el plazo en el que las Administraciones tienen la obligación de abonar el precio de las obligaciones a las que se refiere el apartado 4 del artículo 200 será dentro de los treinta días siguientes a la fecha de la expedición de las certificaciones de obra o de los correspondientes documentos que acrediten la realización total o parcial del contrato. “

Que da execución orzamentaria rexistrada na contabilidade municipal sobre o total de pagos materiais realizados entre os días 1 de outubro e 31 de decembro de 2014 obtense a seguinte información:

a) Facturas ou documentos xustificativos pagos no trimestre:

	Dentro do período legal de pago	Fora do período legal de pago
Número de pagos	244	0
Importe total	448.485,99	0

Que respecto da información relativa ao número e importe de obrigacións pendentes nas que se está incumprindo o prazo de pago legalmente establecido resúmese nos cadros seguintes:

b) Facturas ou documentos xustificativos pendentes de pago ao final do trimestre.
(art. 4º.3 Lei 15/2010)

	Dentro do período legal de pago	Fora do período legal de pago
Número de pagos	5	0
Importe total	34.538,80	0

c) Facturas ou documentos xustificativos con respecto aos cales, ao final do trimestre, transcorreron máis de tres meses desde a súa anotación no rexistro de facturas desta Entidade Local e non se tramitaron os correspondentes expedientes de recoñecemento da obrigación (art. 5º.4 Lei 15/2010):

Número de operacións: 0

Importe total: 0

A relación das facturas ou documentos xustificativos que ao final do trimestre indicado atópanse nesta situación, acompáñase como anexo a este informe.

III.- CONCLUSIÓN

É canto se ha de informar segundo a normativa de aplicación, proponendo:

- Que se de traslado do presente informe e anexos aos órganos competentes do Ministerio de Economía e Facenda e da Xunta de Galicia.
- Que se de traslado ao Pleno de acordo co establecido no art. 5º.4 da Lei 15/2010.

Boqueixón, 12 de febreiro de 2015

Administrativo/ Tesoureiro,

Interventora”.

B) Detalle de pagos realizados e pendentes de pago da entidade .

Pagos realizados no trimestre	Período medio pago (PMP) (días)	Período medio pago excedido (PMPE) (días)	Pagos realizados no trimestre			
			Dentro período legal pago		Fóra período legal pago	
			Número de pagos	Importe total	Número de pagos	Importe total
Gastos en Bens Correntes e Servizos	17,22	0	235	263.132,95		
Aplicados a Presuposto (Cap. 2) por artigos	17,22	0	235	163.132,95		
20.-Arrendamentos e Canons		0				
21.- Reparación Mantemento e Conservación	16,87	0	72	127.731,31		
22.- Material Subministro e Outros	17,55	0	149	134.864,53		
23.- Indemnización por razón del servizo	15,71		14	537,11		
24.- Gasto de publicacións	0					
26.- Traballos realizados por Institucións s.f. de lucro	0					

27.- Gastos imprevistos e funcións non clasificadas	0					
2.- Sen desagregar	0					
Pendientes de aplicar ao Presuposto						
Inversións reais	21,15	0	6	184.795,99	0	0,00
Aplicados a Presuposto (Capítulo 6)	21,15	0	6	184.795,99	0	0,00
Pendientes de aplicar a Presuposto						
Outros pagos realizados por operacións comerciais	17,30	0	3	557,05	0	0,00
Aplicados a Presuposto	17,30	0	3	557,05	0	0,00
Pendientes de aplicar a Presuposto						
Sen desagregar	0	0	0	0,00	0	0,00
Aplicados a Presuposto						
Pendientes de aplicar a Presuposto						
TOTAL pagos realizados en el trimestre	18,84	0	244	448.485,99	0	0

Intereses de demora pagados no trimestre	Intereses de demora pagados no período	
	Número de pagos	Importe total intereses
Gastos Correntes en Bens e Servizos		
Inversións reais		
Outros pagos realizados por operacións comerciais		
Sen desagregar		
Total	0	0,00

Facturas ou documentos xustificativos pendentes de pago ó final do trimestre	Período medio do pendente de pago (PMPP) (días)	Período medio do pendente de pago excedido(PMPPE) (días)	Pendentes de pago a final do trimestre			
			Dentro período legal pago a final do trimestre		Fora período legal pago a final do trimestre	
			Número de operacións	Importe total	Número de operacións	Importe total
Gasto en Bens Correntes e Servizos	5,13	0	5	34.538,80	0	0
20.- Arrendamentos e Canons						
21.- Reparación Mantemento e Conservación						
22.- Material Subministro e Outros	5,13	0	5	34.538,80	0	0
23.- Indemnización por razón do servizo						
24.- Gasto de publicacións						
26.- Traballos realizados por Institucións s.f. de lucro						
27.- Gastos imprevistos e funcións non clasificadas						
2.- Sen desagregar						
Inversións reais						
Outros pagos realizados por operacións comerciais						
Sen desagregar						
TOTAL operacións pendentes pago final trimestre.	5,13	0	5	34.538,80	0	0

Facturas o docum. Xustificativos al final del trimestre con más de tres meses de su anotación en rexistro de facturas, pendentes del recoñecemento da obriga (Art.5.4 Lei 15/2010)	Período medio operacións pendentes recoñecemento (PMOPR)	Pendentes de recoñecemento obrigas	
		Número	Importe total
Gastos Correntes en Bens e Servizos	0	0	0,00
Inversións reais	0	0	0,00
Sen desagregar	0	0	0,00
Total	0	0	0,00

7.Aprobación ordenanza reguladora dos procedementos de intervención nos actos de uso do solo e subsolo no exercicio de actividade e apertura establecemento

Dáse conta da ordenanza e o señor Canabal presenta as seguintes dúbidas:

“Algunha dúbida que igual poden contestar:

- **Artigo 7: Consultas Previas:** A administración dáse de prazo un mes para a contestación. Isto é excesivo.
- **Artigo 21:** A administración dáse un prazo de 3 meses para conceder unha licenza.
- **Artigo 56:** Van a inspeccionar e pedir licenza municipal para a instalación das terrazas? Canto custa esta licenza?
- **Artigo 56:** Será necesario solicitar licenza municipal de actividade para a realización das festas? Canto valerá?
- **Sobre o tratamento de RAMSA:** Se se regula a intervención no subsolo, de seguro que debера facerse ou regularse o tratamento da mina de RAMSA. Como queda regulada?”

Co fin de aclarar todas e outras dúbidas expostas decídese deixar este punto sobre a mesa.

8.Aprobación ordenanza reguladora da administración electrónica

No ano 2012 este concello asinou coa Deputación da Coruña o convenio de colaboración para o uso compartido da sede electrónica entre esta entidade e o concello de Boqueixón para a xestión e administración das sedes electrónicas municipais.

A posta en marcha deste servizo, ten o seu fundamento na Lei 11/2007 de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns ós servizos públicos, que creou o concepto de sede electrónica, xustificado pola necesidade de definir claramente a sede administrativa electrónica. No seu art. 10.1 defínea como “aquela dirección electrónica dispoñible para os cidadáns a través de redes de telecomunicacións cuxa titularidade, xestión e administración corresponde a unha administración pública, órgano ou entidade administrativa no exercicio das súas competencias”

Esta ordenanza constitúe o marco a través do que a administración municipal concreta, no seu ámbito organizativo e de acordo coas súas competencias, o compromiso para desenvolver a implantación da administración electrónica.

O señor Canabal di que “Como xa dixen antes, un non pode entender de todo. Non teño coñecemento da plataforma á cal nos acollemos, o que espero é que sexa algo máis doada que o emprego da factura electrónica co facturas, posto que a miña experiencia persoal con este programa non é boa. Tampouco coñezo se existen outras alternativas (se por exemplo a Xunta pon a disposición dos concellos a súa plataforma). Aínda así vou prestar o meu apoio á ordenanza á espera de ver o seu funcionamento”.

Sen máis procédese coa votación e por unanimidade acórdase:

1 Aprobar a Ordenanza non fiscal reguladora da Administración Electrónica municipal que rexeirá neste concello e que a continuación se transcribe literalmente:

CAPÍTULO I.–DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 1.–Obxecto.

1. De acordo co artigo 103 e disposicións conexas da Constitución, a Lei 11/2007, do 22 de xuño, o acceso dos cidadáns aos servizos públicos electrónicos (LAE) e do dereito administrativo xeral vixente, a presente Ordenanza regula o uso de medios electrónica no campo da administración do Concello de Boqueixón.

2. Para estes efectos, a presente Ordenanza ten por obxecto:

a) Establecer os dereitos e deberes que rexen as relacións por medios electrónicos entre os cidadáns e a administración municipal.

b) Fixar o marco xeral de actuación para a implantación, impulso e desenvolvemento da Administración electrónica no ámbito municipal.

c) Regular as condicións e os efectos xurídicos do uso dos medios electrónicos nos procedementos administrativos, de acordo coas vixentes normas reguladoras do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 2.–Ámbito subxectivo.

1. A presente Ordenanza aplícase ás seguintes entidades que integran a Administración municipal:

a) Os órganos administrativos integrantes do Concello.

b) Os organismos autónomos e entidades públicas empresarias constituídas polo Concello.

c) As sociedades e as entidades concesionarias de servizos públicos municipais cando así o determine o título de concesión, ou así o aproben os seus órganos de goberno, no marco da prestación de servizos públicos municipais.

2. Esta Ordenanza aplícase ós cidadáns, entendendo como tales ás persoas físicas e xurídicas e ás entidades sen personalidade xurídica ás que a lei confire tal condición ós efectos previstos nesta Ordenanza.

Artigo 3.–Ámbito subxectivo.

Esta Ordenanza será de aplicación ás actuacións realizadas pola Administración municipal que se refiran ou afecten a:

1. As súas relacións cos cidadáns que teñan carácter xurídico -administrativo.
2. As súas relacións con outras administracións públicas, sempre que non se desenvolven en réxime de dereito privado.
3. A consulta pola cidadanía da información pública administrativa e dos datos administrativos que obren en poder da administración municipal.
4. A realización dos trámites e procedementos administrativos accesibles por vía electrónica.
5. O tratamento da información obtida pola Administración municipal no exercicio das súas potestades.
6. A xestión da documentación e información obtida e producida pola Administración municipal no exercicio das súas potestades, así como su preservación e acceso.

Artigo 4.–Sede electrónica.

1. A sede electrónica municipal é o enderezo electrónico dispoñible para os cidadáns, correspondente á dirección de referencia “<https://sede.concellosdacoruna.es/Boqueixon>”. Esta é accesible directamente, a través do portal do Concello <http://www.concellodeboqueixon.com>, así como a través da Sede Electrónica dos Concellos da provincia de A Coruña “<https://sede.concellosdacoruna.es>”, que se encontra no portal da Deputación Provincial “<http://www.dicoruna.es>”
2. O titular da sede electrónica municipal é o Concello de Boqueixón a través do seu representante legal, o alcalde do Concello de Boqueixón, que asume a responsabilidade respecto á información e os servizos ós que pode accederse a través da mesma, correspondendo o seu aloxamento e administración á Deputación Provincial de A Coruña no exercicio das súas competencias de colaboración e asistencia ós concellos. Neste asentido, a Deputación Provincial de A Coruña pon a disposición dos concellos da provincia de A Coruña unha Plataforma de administración electrónica, a fin de dar cumprimento ás previsións da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns ós servizos públicos que sustenta a Sede electrónica dos concellos da provincia de A Coruña, coa información e servizos compartidos, así como as sedes electrónicas municipais coa información e servizos particulares do Concello.
3. A identificación da Sede electrónica dos concellos da provincia de A Coruña levarase a cabo mediante certificado da sede, consistente en certificado do servidor onde se aloxa a información, baseado en certificados de dispositivo seguro ou medio equivalente.
4. Corresponde á Deputación Provincial a titularidade e custodia do certificado da sede electrónica. Todo iso sen prexuízo de que este Concello poida ter outras sedes complementarias.
5. A sede electrónica estará dispoñible a todos os cidadáns de forma gratuíta e permanente. En particular, tamén será accesible a través do punto de acceso xeral da Administración Xeral do Estado previsto no artigo 8.2.b) da Lei 11/2007, do 22 de xuño.
6. A data e hora oficial da Sede electrónica corresponde á de España peninsular conforme ó que establece o Esquema Nacional de Interoperabilidade (art. 15 do Real Decreto 4/2010, do 8 de xaneiro, polo que se regula o Esquema Nacional de Interoperabilidade no ámbito da Administración Electrónica).

7. A Sede electrónica municipal dispoñerá do seguinte contido mínimo:

- a) Identificación da sede, así como do órgano ou órganos titulares e responsables da xestión e dos servizos postos a disposición na mesma.
- b) Información necesaria para a correcta utilización do sitio web.
- c) Sistema de verificación dos certificados da sede, que estará accesible de forma directa e gratuíta.
- d) Relación de sistemas de sinatura electrónica que, conforme ó previsto nesta ordenanza sexan admitidos ou utilizados na sede.
- e) Información relacionada coa protección de datos de carácter persoal.

8. A sede electrónica municipal dispoñerá dos seguintes servizos a disposición dos cidadáns:

- a) Presentación telemática de solicitudes.
- b) Ligazón para a formulación de suxestións e queixas ante o órgano competente.
- c) Acceso, no seu caso, á relación de expedientes do cidadán e ós trámites que se iniciaron de forma telemática.
- d) No seu caso, publicación electrónica de actos e comunicacións no taboleiro de anuncios ou edictos, indicando o carácter substitutivo ou complementario da publicación electrónica.
- e) Verificación dos selos electrónicos que se utilicen na sede.
- f) Comprobación da autenticidade e integridade dos documentos emitidos e que teñan sido autenticados mediante código seguro de verificación.

CAPÍTULO II.–DEREITOS E DEBERES

Artigo 5.–Os dereitos dos cidadáns.

1. Os cidadáns teñen dereitos recoñecidos pola lexislación aplicable na materia, así como pola presente ordenanza, e, en especial, os seguintes:

- a) Dereito a relacionarse coa Administración municipal a través de medios electrónicos, presentar documentos, facer trámites e procedementos e, en xeral, exercer os dereitos e facultades que lles reconece o ordenamento xurídico administrativo, con total validez e seguridade, salvo nos casos en que unha lei estableza a utilización dun medio electrónico.
- b) Dereito a esixir da Administración municipal que se lles dirixa a través destes medios, e a obter documentos a través de formatos electrónicos.
- c) Dereito a non presentar documentos que se encontren en poder da Administración municipal, ou doutras administracións públicas coas cales o Concello teña un convenio de intercambio de información, ós efectos previstos na normativa básica estatal nesta materia.
- d) Dereito de acceso á documentación e información administrativa, rexistros e arquivos, a través de medios electrónicos, e a dispoñer de contidos electrónicos de calidade, accesibles, transparentes e comprensibles.
- e) Dereito a acceder e utilizar a administración electrónica con independencia dos condicionantes de discapacidade..

f) Dereito a acceder e utilizar a administración electrónica con independencia dos medios tecnolóxicos utilizados.

g) Dereito á confidencialidade e protección dos seus datos persoais, e o resto dos dereitos protexidos pola normativa de protección de datos.

h) Dereito á privacidade e seguridade das súas comunicacións coa Administración municipal, e das comunicacións que poida efectuar o Concello en que consten os datos do interesado, de acordo coa lei.

i) Dereito á conservación en formato electrónico, por parte da Administración municipal, dos documentos electrónicos que formen parte dun expediente, e garantir o seu acceso.

2. O exercicio efectivo, a aplicación e a interpretación sobre o contido destes dereitos realizarase nos termos previstos na normativa aplicable, e de acordo coas previsións da presente ordenanza.

Artigo 6.–Deberes dos cidadáns.

1. Xunto cos dereitos que a presente ordenanza reconece e protexe no marco da utilización dos medios electrónicos, na actividade administrativa e nas súas relacións coa Administración municipal, a cidadanía está suxeita na súa actuación ó cumprimento dos seguintes deberes:

a) Deber de utilizar os servizos e procedementos de administración electrónica de boa fe e evitando o seu abuso.

b) Deber de facilitar á Administración municipal, nas materias obxecto desta ordenanza, unha información veraz e completa, adecuada ás finalidades para as cales se solicita.

c) Deber de identificación ante a Administración municipal, nos termos establecidos na vixente normativa.

d) Deber de custodia de aqueles elementos identificativos persoais e intransferibles, utilizados nas relacións administrativas por medios electrónicos coa Administración municipal.

e) Deber de respectar o dereito de privacidade, confidencialidade e seguridade e outros dereitos en materia de protección de datos.

2. O Concello valará polo cumprimento destes deberes no marco do previsto na normativa aplicable e das previsións desta ordenanza.

CAPÍTULO III.–PRINCIPIOS XERAIS

Artigo 7.–Principios rectores da administración electrónica no ámbito da Administración municipal.

A administración municipal, no marco da utilización de medios electrónicos na actividade administrativa, está suxeita ós principios enunciados na normativa reguladora do acceso dos cidadáns ós servizos públicos.

Artigo 8.–Principios de organización da administración electrónica.

1. A Administración municipal impulsará o acceso electrónico á información, ós trámites e ós procedementos administrativos, en aras dunha máis eficaz implantación

dos principios constitucionais de transparencia administrativa, proximidade e servizos ós cidadáns.

2. A tal efecto, guiará a súa actividade de acordo cos principios de simplificación administrativa, impulso dos medios electrónicos, neutralidade tecnolóxica, interoperabilidade, confidencialidade, seguridade e protección de datos, transparencia e participación.

Artigo 9.–Principios xerais de acceso dos cidadáns ó procedemento administrativo.

1. A realización electrónica dos trámites administrativos no marco da Administración municipal, rexerase polos principios de non discriminación por razón do uso de medios electrónicos, trazabilidade dos procedementos e documentos administrativos, proporcionalidade e intermodalidade de medios, de modo que, nos termos previstos nesta ordenanza ou nas súas normas de desenvolvemento, un procedemento iniciado por un medio poderase continuar por outro diferente, sempre que se asegure a integridade e seguridade xurídica do procedemento.

2. Os trámites e os procedementos accesibles por vía electrónica poderanse realizar, a elección do cidadán, a través dos canles e medios electrónicos que estean dispoñibles nese momento.

Artigo 10.–Principios informadores de fomento e promoción da cooperación interadministrativa en materia de administración electrónica.

1. A Administración municipal guiará a súa actividade en materia de administración electrónica de acordo cos principios de colaboración, cooperación e información mutua, e de acceso e dispoñibilidade limitada.

2. A administración municipal deberá facilitar o acceso das restantes administracións públicas ós datos que dispoñan dos interesados que se encontran en soporte electrónico, especificando, en todo caso, as condicións, os protocolos e os criterios funcionais ou técnicos necesarios para acceder ós datos coas máximas garantías de seguridade e integridade, e limitándose estritamente ós que as administracións públicas requiran no exercicio das súas funcións. O acceso ós datos mencionados estará condicionado a que o interesado teña prestado o seu coñecemento ou a que unha norma con rango legal así o autorice.

CAPÍTULO IV.–IDENTIFICACIÓN, ACCESO Á INFORMACIÓN E PRESENTACIÓN DE ESCRITOS POR PARTE DOS CIDADÁNS

Artigo 11.–Instrumentos de identificación e acreditación da vontade dos cidadáns.

1. As persoas físicas poderán usar para relacionarse coa Administración municipal os sistemas de sinatura electrónica incorporados ó Documento Nacional de Identidade, en todo caso, e os sistemas de sinatura electrónica avanzada admitidos pola lei.

2. As persoas xurídicas e entidades sen personalidade xurídica poderán utilizar sistemas de firma electrónica de persoa xurídica, ou de entidades sen personalidade xurídica, para todos aqueles procedementos e actuacións para os que se admitan. En caso de non admisión, a sede electrónica municipal deberá facilitar sistemas alternativos que permitan o exercicio do dereito a relacionarse electronicamente coa administración municipal.

3. O Concello admitirá cantos outros sistemas de sinatura electrónica estiveran autorizados legalmente, e que sexa adecuados para garantir a identificación dos cidadáns, e, se procede, a autenticidade e a integridade dos documentos electrónicos.

4. O Concello poderá admitir os sistemas de sinatura electrónica utilizados ou admitidos por outras administracións públicas, de conformidade cos principios de recoñecemento mutuo e de reciprocidade.

5. O Concello publicará na súa sede electrónica a relación de sistemas de sinatura electrónica admitidos nas súas relacións cos cidadáns.

Artigo 12.–Requisitos de identificación no acceso dos cidadáns á información administrativa electrónica.

1. Será libremente accesible aos cidadáns, sen necesidade de identificación, a seguinte información:

- a) Procedementos do Concello: Información, descarga de impresos e instancias.
- b) Verificación de documentos e certificados.
- c) Calendario oficial do Concello.
- d) Información xeral sobre a sede: normativa, hora oficial, avisos sobre interrupcións, etc.
- e) Información xeral sobre utilidades como, por exemplo, sinatura electrónica.
- f) Enlaces útiles.
- g) Noticias relacionadas coa administración electrónica.
- h) Outras informacións sobre a organización municipal e os servizos de interese xeral.

2. De acordo cos parágrafos 2, 3, 5 e 6 do artigo 37 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, o acceso ós documentos nominativos, ós documentos que conteñan datos relativos á intimidade das persoas, ós expedientes non finalizados e ós expedientes e arquivos referidos nos apartados 5 e 6 do artigo 4 da Lei 30/1992, queda reservado ás persoas que acrediten as condicións que a lei prevea en cada caso.

3. Para garantir que o dereito de consulta dos documentos sinalados no apartado anterior é exercido polas persoas que estea legalmente habilitados para facelo, os servizos municipais esixirán a identificación por medio de calquera procedemento electrónico de identificación de entre os admitidos no artigo 11 desta ordenanza.

Artigo 13.–Requisitos de identificación e de acreditación da vontade dos cidadáns na presentación de escritos.

1. A utilización de sinatura electrónica, nos termos previstos no artigo 11 da presente ordenanza, será un requisito suficiente para identificar e entender acreditada a vontade dos cidadáns que presenten, por vía electrónica, un escrito no procedemento debe ser unha condición suficiente para identificar e comprender imputado a vontade dos cidadáns a presentar, por vía electrónica, un escrito no procedemento ou trámite de que se trate.

2. O Concello admitirá, de acordo coa lei, outros tipos de sinatura electrónica que permitan garantir a seguridade e a integridade na identificación e a acreditación da vontade dos cidadáns, atendendo ós criterios seguintes:

a) As características das canles electrónicas que foron activadas para a realización do trámite.

b) A proporcionalidade entre o requisito imposto e a transcendencia que poida ter o trámite en concreto na esfera xurídica da cidadanía.

c) A esixencia formal de que a sinatura do escrito presentado polo interesado polo interesado cumpra a normativa de procedemento administrativo xeral.

d) A dispoñibilidade da tecnoloxía e os recursos do Concello.

3. De conformidade co disposto no artigo 71 da Lei 30/1992, a Administración municipal requirirá dos particulares as emendas de calquera defecto formal, ocasionado polo incumprimento dos requisitos de identidade, integridade e autenticidade que prevé este artigo.

4. No suposto de que os cidadáns non dispoñan dos instrumentos electrónicos de identificación ou acreditación da vontade, que prevé esta ordenanza, a identificación ou acreditación da súa vontade poderá facer de forma válida un funcionario municipal a través do uso do sistema de sinatura electrónica do que estea dotado. O interesado terá que identificarse e prestar o seu consentimento expresa, e deberá quedar constancia para os casos de discrepancia ou litixio.

CAPÍTULO V.–A DIFUSIÓN DA INFORMACIÓN ADMINISTRATIVA POR MEDIOS ELECTRÓNICOS

Artigo 14.–Información sobre a organización e os servizos de interese xeral.

1. A administración municipal facilitará por medios electrónicos e, como mínimo a través da súa sede electrónica, información sobre:

a) Os procedementos administrativos que tramite, precisando tanto os requisitos esenciais e os prazos de resolución e notificación, como tamén o sentido do silencio.

b) Os datos de localización, como enderezo postal, teléfono e correo electrónico.

2. Poderase difundir a través de medios electrónicos calquera outra información relativa a asuntos ou cuestións de interese xeral para os cidadáns, como nos ámbitos de sanidade, saúde, cultura, educación, servizos sociais, medio ambiente, transporte, comercio, deporte e ocio.

3. A información facilitada fará constar o órgano administrativo provedor da información e as datas de actualización.

Artigo 15.–Información administrativa.

A administración municipal facilitará a través de medios electrónicos toda a información administrativa que por prescrición legal ou resolución xudicial se teña que facer pública, especificando en calquera caso o órgano administrativo autor do acto ou disposición publicados.

Artigo 16.–Calidade e seguridade na sede electrónica.

1. Os servizos da sede electrónica estarán operativos 24 horas ó día, todos os días do ano. Cando por razóns técnicas se prevea que a sede electrónica ou algún dos servizos poidan non estar operativos, terase que comunicar ós usuarios e ás usuarias coa máxima antelación que sexa posible, indicando os medios alternativos que estea dispoñibles.

2. A sede electrónica cumprirá os estándares de accesibilidade de conformidade coa normativa aplicable e, en particular, garantirase que sexa accesible desde os principais navegadores e sistemas operativos de código aberto.

3. As entidades incluídas no artigo 2 desta ordenanza comprométense a velar pola calidade da información contida na súa sede electrónica municipal, se ben non se considerarán responsables en ningún caso da información que se poida obter a través das fontes externas nas entidades mencionadas, nin tampouco das opinións que poidan expresar, a través das páxinas web municipais, persoas que non estean vinculadas.

Artigo 17.–Taboleiro de edictos electrónico.

1. A publicación de actos e comunicacións que, por disposición legal ou regulamentaria, sexa necesario publicar no taboleiro de anuncios municipal, poderá ser substituída ou complementada pola súa publicación no taboleiro de anuncios electrónico.

2. O acceso ó taboleiro de anuncios electrónico non requirirá ningún mecanismo especial de acreditación da identidade do cidadán ou cidadá.

3. O taboleiro de anuncios publicarase na sede electrónica do Concello, e poderase consultar desde as terminais instaladas no mesmo e noutros puntos de acceso que se determinen. Dispoñerá dos sistemas e mecanismos que garanten a autenticidade, a integridade e a dispoñibilidade do contido, de acordo co artigo 45.5 da Lei 30/1992.

4. O taboleiro de anuncios electrónico estará dispoñible todos os días do ano e durante as vinte e catro horas do día. Cando por razóns técnicas se prevea que o taboleiro non pode estar operativo, deberase anunciar ós usuarios coa máxima antelación posible, indicando os medios alternativos dispoñibles.

CAPÍTULO VI.–O PROCEDIMENTO ADMINISTRATIVO ELECTRÓNICO

Artigo 18.–Procedementos tramitados por vía electrónica.

1. O Concello garante o exercicio do dereito a relacionarse coa administración a través de medios electrónicos, e os demais dereitos recoñecidos no artigo 5 desta ordenanza, con relación ós trámites e ós procedementos que se tramiten por medios electrónicos.

2. No marco da lexislación vixente e dos principios desta ordenanza, o Concello poderá determinar os supostos e as condicións en que será obrigatorio comunicarse coa administración municipal a través de medios electrónicos, cando os interesados sexan persoas xurídicas ou colectivos de persoas físicas que, por razóns de capacidade económica ou técnica, dedicación profesional ou outros motivos acreditados, teñan garantidos o acceso a medios tecnolóxicos adecuadas e a dispoñibilidade destes medios.

Artigo 19.–Identificación e acreditación da vontade dos órganos administrativos.

1. As entidades integradas na Administración municipal poderán utilizar os sistemas seguintes, para a súa identificación electrónica e para a autenticación dos documentos electrónicos que produzan:

a) Sistemas de sinatura electrónica baseados na utilización de certificados de dispositivo seguro, ou un medio equivalente, que permita identificar a sede electrónica do Concello e o establecemento de comunicacións seguras.

b) Sinatura electrónica do persoal ó servizo da administración municipal.

- c) Sistemas de sinatura electrónica para a actuación administrativa automatizada.
 - d) Intercambio electrónico de datos en contornos cerrados de comunicación.
2. A sede electrónica do Concello utilizará, para identificarse e garantir unha comunicación segura, sistemas de firma electrónica baseados en certificados de dispositivo seguro ou un medio equivalente.
3. Os actos administrativos das entidades integradas na Administración municipal poderanse ditar de forma automatizada, sempre que se dea o cumprimento dos requisitos establecidos para os actos administrativos pola normativa administrativa aplicable e nesta ordenanza. A estes efectos, as entidades integradas na Administración municipal poderán determinar para cada suposto a utilización dos sistemas de sinatura electrónica seguintes:
- a) Selo electrónico do órgano ou entidade de dereito público correspondente, baseado nun certificado electrónico que reúna os requisitos esixidos pola lexislación de sinatura electrónica.
 - b) Código seguro de verificación vinculado ó órgano ou entidade de dereito público correspondente e, se procede, á persoa asinante do documento.
4. A identificación e o exercicio da competencia das entidades integradas na Administración municipal farase mediante os sistemas de sinatura electrónica dos que estea provisto o persoal o seu servizo, de acordo coas previsións da normativa aplicable.
5. O intercambio de datos electrónicos transmitidos en contornos cerrados de comunicación, será válido de conformidade coas condicións e garantías que acorde o Concello, as cales terán que garantir a integridade e o non repudio dos datos electrónicos transmitidos.

Artigo 20.–Iniciación.

Para o inicio dun procedemento administrativo por medios electrónicos a solicitude do interesado, o Concello poñerá a súa disposición na sede electrónica os correspondentes modelos ou sistemas electrónicos de solicitude. No caso de que non houbera modelo específico de solicitude, existirá un modelo xenérico que reunirá os requisitos esixidos na lexislación para as solicitudes.

Artigo 21.–Esixencia e acreditación de representación.

- 1. Os cidadáns poderán actuar por medio de representantes nos procedementos e trámites administrativos que fagan ante a administración municipal por medios electrónicos, de acordo co que prevén a lexislación xeral e esta ordenanza. Nestes supostos, a validez das actuacións realizadas estará suxeita á acreditación da representación.
- 2. O procedemento de acreditación da representación, cando se fagan actuacións por medios electrónicos, poderase levar a cabo a través de calquera dos procedementos alternativos seguintes:
 - a) Mediante a presentación de apoderamento en soporte electrónico.
 - b) Mediante os certificados de sinatura electrónica que inclúan a relación de representación e que sexan aceptados polo Concello, de conformidade co que se establece nesta ordenanza.

c) Mediante a declaración de apoderamento por parte do representante e a posterior comprobación da representación nos rexistros da Administración municipal, ou doutras administracións ou entidades coas que o Concello teña asinado un convenio de colaboración.

d) Calquera outro sistema de acreditación de representación que habilite o Concello no marco da lei e desta ordenanza.

3. Cando o procedemento o permita e se considere conveniente, a Administración municipal poderá, en calquera momento, pedir ó apoderado ou apoderada a xustificación do apoderamento.

Artigo 22.–Tramitación por vía electrónica dos procedementos.

1. Os programas, as aplicacións e os sistemas de información que en cada caso se utilicen para a realización por medios electrónicos dos trámites administrativos, terán que garantir o control dos prazos, a constancia da data e hora e a identificación das persoas responsables das actuacións, aparte da consideración da orde de tramitación dos expedientes.

2. A persoa interesada, previa comprobación electrónica da súa identidade por calquera dos medios regulados nesta ordenanza, poderán solicitar e obter información sobre o estado da tramitación dos procedementos administrativos que se estean xestionando electronicamente na súa totalidade, de acordo coas condicións do servizo de acceso restrinxido establecido a tal efecto. A información sobre o estado da tramitación do procedemento comprenderá a relación dos actos de trámite realizados, con indicación do seu contido, así como a data en que se ditaron.

3. O Concello poderá remitir á persoa interesada avisos sobre o estado da tramitación, nas direccións telemáticas de contacto que indicara o interesado.

Artigo 23.–Presentación de documentos e declaración responsable.

1. Non será necesario aportar documentos que estean en poder da administración municipal ou doutras administracións públicas coas cales o Concello teña asinado un convenio de colaboración. O exercicio deste dereito farase de acordo coa normativa aplicable a cada procedemento e, en especial, coa protección de datos de carácter persoal.

2. As entidades comprendidas no ámbito de aplicación desta ordenanza, promoverán a substitución da achega de documentos acreditativos do cumprimento de requisitos por unha declaración responsable da persoa interesada que exprese a concorrencia dos requisitos mencionados, e o compromiso de aportar os xustificantes a requirimento da administración.

3. A comprobación da información contida nestas declaracións poderase efectuar nos rexistros da administración municipal ou nos doutras administracións coas que o Concello teña asinado un convenio de colaboración.

Artigo 24.–Certificados administrativos electrónicos e transmisión de datos.

1. De acordo cos principios de simplificación administrativa e interoperabilidade entre administracións, o Concello promoverá a eliminación de certificados e, en xeral, de documentos en papel, que se substituirán, sempre que ase poida, por certificados e documentos electrónicos ou por transmisións de datos. Tanto no caso de certificados

electrónicos e documentos electrónicos como no de transmisións de datos, a súa expedición, tratamento e efectos rexeranse polo que dispón esta ordenanza, con suxeición estrita á normativa de protección de datos de carácter persoal, así como ó resto da normativa aplicable ó procedemento administrativo.

2. O Concello comprométese a facilitar o acceso a outras administracións públicas ós datos relativos ós interesados que estean no seu poder e se encontren en soporte electrónico. En todo caso, estableceranse as máxima s garantías de seguridade, integridade e dispoñibilidade, de conformidade co que dispón a normativa aplicable á protección de datos de carácter persoal.

3. No marco dos principios regulados por esta ordenanza, o Concello promoverá o establecemento de convenios coas entidades públicas ou privadas, tanto emisoras como receptoras, de certificados ou documentos administrativos, para simplificar a obtención, a transmisión e, se procede, a convalidación de documentos ou certificados electrónicos para transmisións de datos.

4. O Concello poderá establecer os mecanismos necesarios para a elaboración de certificados administrativos electrónicos, que terán os mesmos efectos que os expedidos en soporte papel. O contido de aqueles poderase imprimir en soporte papel, e a sinatura manuscrita substituirase por un código de verificación xerado electronicamente, que permita comprobar a autenticidade accedendo telematicamente ós arquivos do órgano ou organismo emisor.

a) O Concello, a petición dos cidadáns, emitirá certificados electrónicos sobre os datos que figuran no seu poder.

b) Os cidadáns, en substitución dos certificados en papel, poderán presentar ante a administración municipal certificados en soporte electrónico doutras administracións, obtidos telematicamente ou ben mediante a compulsa electrónica do certificado en papel.

Artigo 25.–Compulsas electrónicas e traslado de documentos en soporte papel.

1. A compulsa electrónica de documentos electrónicos e en soporte papel farase a través dun procedemento de dixitalización seguro, que inclúa, nos termos do artigo 19 desta ordenanza, a sinatura electrónica do persoal ó servizo da administración municipal que fixera a compulsa, e que garante a autenticidade e a integridade da copia. Os documentos compulsados electronicamente terán a consideración de copias auténticas, ós efectos que prevé o artigo 46 da Lei 30/1992.

2. A incorporación, no seu caso, de documentos en soporte papel nos trámites e procedementos administrativos que se tramiten por vía electrónica, farase mediante a compulsa electrónica destes documentos.

3. Cando un procedemento iniciado electronicamente non se tramite totalmente en soporte electrónico, o órgano competente poderá reproducir en soporte papel as solicitudes, comunicacións e outros documentos electrónicos, mediante compulsa ou outros sistemas de verificación, que permitan contrastar a súa autenticidade mediante compulsa ou outros sistemas de verificación, que permitan contrastar a súa autenticidade mediante o acceso ós arquivos electrónicos da administración emisora.

Artigo 26.–Expediente electrónico.

1. O expediente electrónico é o conxunto de documentos electrónicos correspondentes a un procedemento administrativo, sexa cal sexa o tipo de información que conteñan e o

formato no que foran creados. Terán esta consideración as agrupacións de documentos que formen unidades básicas do sistema de xestión documental.

2. Os expedientes electrónicos deberán conter os metadatos imprescindibles para coñecer o contexto, o contido e a estrutura que os forman, así como a súa xestión ó longo do tempo..

3. A remisión de expedientes poderase substituír, a todos os efectos, pola posta a disposición do expediente electrónico, e a persoa interesada ten dereito a obter unha copia, nas condicións fixadas nesta ordenanza.

Artigo 27.–Terminación.

1. Os procedementos que se tramiten e se terminen en soporte electrónico, garantirán a identificación e o exercicio da competencia por parte do órgano que, en cada caso, estea recoñecido como competente.

2. O acto ou resolución que poña fin a un procedemento cumprirá co esixido no artigo 89 da Lei 30/1992, e irá avalado por algún dos sistemas de sinatura electrónica previstos nesta ordenanza.

3. O traslado de documentos electrónicos, incluíndo os que teñen que figurar nos libros de resolucións e nos libros de actas, mentres non teñan o formato en soporte electrónico, farase de acordo co previsto nesta ordenanza.

Artigo 28.–A notificación por medios electrónicos.

1. A notificación practicarase utilizando medios electrónicos cando a persoa interesada sinalase estes medios como preferentes, ou exprese o seu consentimento para a súa utilización, nos procedementos administrativos para os que se habilite este sistema de notificación. O Concello fará pública esta circunstancia na súa sede electrónica.

2. A práctica da notificación por medios electrónicos poderá efectuarse nas modalidades previstas regulamentariamente, ou noutros medios de notificación electrónica que poidan establecerse, sempre que quede constancia da recepción polo interesado, no prazo e nas condicións que se establezan na súa regulación específica.

3. A aceptación por parte dos interesados poderá ter carácter xeral para todos os trámites que os relacionan coa administración municipal, ou para un ou diversos trámites, segundo o que se teña manifestado.

4. Para a eficacia do que se dispón neste artigo, toda persoa interesada que manifeste expresamente a súa vontade de ser notificada por medios electrónicos, terá que dispor dunha dirección electrónica que cumpra os requisitos legalmente previstos.

5. A dirección de correo electrónico terá vixencia indefinida como dirección válida, a efectos de notificación, excepto nos supostos en que a persoa titular solicite a revogación ou a modificación, por defunción da persoa física ou extinción da personalidade xurídica, cando unha resolución administrativa ou xudicial o ordene, ou polo transcurso de tres anos sen que se utilice para a práctica das notificacións. Neste caso, comunicarse á persoa interesada para que poida expresar o seu interese en mantela activa; de non facelo, inhabilitarase como medio electrónico de notificación.

6. A notificación entenderase practicada, a todos os efectos legais, no momento en que se produza o acceso o seu contido a través da dirección de correo electrónico. O sistema de notificación terá que acreditar a data e a hora en que se produza a recepción da notificación, na dirección electrónica da persoa interesada, oe o acceso ó contido do

acto notificado por parte do cidadán ou cidadá, así como calquera causa técnica que imposibilite algunha das circunstancias anteriores.

7. Cando se teña constancia da posta a disposición da notificación na dirección electrónica, e transcorran dez días naturais sen que se acceda o seu contido, entenderase que a notificación foi rexeitada, a efectos do que prevé o artigo 59 da Lei 30/1992, excepto que, de oficio ou a instancia da persoa interesada, se comprobe a imposibilidade técnica ou material de acceso a súa dirección electrónica.

8. Durante a tramitación dos procedementos, a persoa interesada poderá requirir ó órgano ou entidade correspondente que as notificacións sucesivas non se practiquen por medios electrónicos. Neste caso, será necesario utilizar calquera outro medio admitido polo artigo 59 da Lei 30/1992.

9. O acceso electrónico por parte das persoas interesadas ó contido das actuacións administrativas correspondentes, terá os efectos propios da notificación por comparecencia, sempre que quede constancia deste acceso. A notificación por comparecencia requirirá, en todo caso, o cumprimento dos seguintes requisitos:

a) Con carácter previo ó acceso o seu contido, o interesado deberá visualizar un aviso de carácter de notificación da actuación administrativa que terá dito acceso.

b) O sistema de información correspondente deixará constancia de dito acceso, con indicación da data e hora.

CAPÍTULO VII.–REXISTRO, ARQUIVO E ACCESO ÓS DOCUMENTOS ELECTRÓNICOS

Artigo 29.–Rexistro telemático.

1. Crease o Rexistro telemático do Concello de Boqueixón

2. O Rexistro telemático poderá ser regulado por unha ordenanza municipal específica.

3. O Rexistro telemático integrárase a todos os efectos no Rexistro Xeral do Concello, e terá carácter voluntario para os administrados, excepto nos supostos de utilización obrigatoria establecidos por lei. O acceso ó Rexistro telemático poderase facer durante as 24 horas do día, todos os días do ano. A data de entrada e/ou saída, acreditarase mediante un servizo de consignación electrónica de data e hora. Ós efectos de cómputo de prazos, a recepción de documentos no día inhábil entenderase efectuada o primeiro día hábil seguinte. O Rexistro telemático rexerá pola data e a hora oficiais.

4. A presentación de solicitudes, escritos ou comunicacións no Rexistro telemático, terá os mesmos efectos que a presentación efectuada polo resto de medios admitidos polo artigo 38.4 da Lei 30/1992.

5. O Rexistro telemático non admitirá a presentación de solicitudes, escritos ou comunicacións que non cumpran as instrucións e os mecanismos de identificación e de acreditación da vontade dos cidadáns que fixe o Concello, de conformidade coas previsións desta ordenanza e outras normas específicas.

6. O Rexistro telemático emitirá automaticamente un recibo firmado electronicamente co contido previsto na Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns ós servizos públicos.

7. Cando, por razóns técnicas, se poida prever que o Rexistro telemático non vai estar operativo, anunciarase ós usuarios coa máxima antelación posible, e mentres permaneza nesta situación.

Artigo 30.–A xestión documental e a conservación dos documentos administrativos.

1. O Concello promoverá unha xestión documental integrada na xestión administrativa xeral, fundamentada na análise da produción, tramitación e valor da documentación, e dirixida á planificación, o control, o uso, a transferencia e a conservación ou eliminación da documentación. A tal efecto garantirase a xestión da documentación electrónica orixinal, recibida, producida e tratada no desenvolvemento dos seus procesos administrativos, así como a súa conservación ó longo do seu ciclo de vida, e protexerá o exercicio dos dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición, de acordo coa normativa de protección de datos.
2. Os documentos públicos electrónicos terán garantida a autenticidade, fiabilidade, integridade e dispoñibilidade, en iguais condicións que os documentos noutros soportes.
3. O concello poderá aprobar un protocolo de xestión documental e arquivos, regulador das condicións técnicas e organizativas de clasificación funcional, seguridade e disposición dos documentos administrativos, desde o inicio do procedemento, así como os órganos competentes para a conservación e transformación.
4. A documentación electrónica do Concello xestionarase mediante unha aplicación informática corporativa, que permita o control do ciclo de vida dos documentos e expedientes, o control da súa consulta, a xestión dos repositorios dixitais, o intercambio de arquivos e documentos de forma segura entre órganos ou entes, ademais de permitir a súa adaptación ós cambios organizativos.

Artigo 31.–Arquivo electrónico de documentos.

1. A Administración municipal poderá arquivar por medios electrónicos todos os documentos producidos ou recibidos no exercicio das súas competencias e actuacións administrativas, nun arquivo electrónico incorporado ó sistema de xestión de documentos do Concello, que debe garantir a autenticidade, fiabilidade, integridade e dispoñibilidade dos documentos electrónicos, conservados de acordo cos estándares aprobados ó efecto, e de acordo co disposto no artigo 45.5 da Lei 30/1992, e conforme á lexislación de arquivo que resulte de aplicación.
2. No suposto de documentos emitidos orixinariamente en papel, dos cales se teñan efectuado copias electrónicas de acordo co que dispón a normativa aplicable, poderase proceder á destrución de orixinais, nos termos e coas condicións que, de acordo coa lei, estableza o Concello.
3. O concello poderá establecer convenios ou acordos con outras entidades para o arquivo definitivo dos seus documentos electrónicos, sempre que se garante a integridade, a autenticidade, a confidencialidade, a calidade, a protección e a conservación dos documentos arquivados.

Artigo 32.–Preservación e acceso ós rexistros e ós arquivos administrativos electrónicos.

A preservación e o acceso ós documentos almacenados en medios electrónicos, rexeranse polas previsións desta ordenanza, relativas ó acceso á información, e polos principios e normas aplicables á protección da confidencialidade e a privacidade de datos.

DEFINICIÓNS/GLOSARIO DE TERMOS RECOLLIDOS NA PRESENTE ORDENANZA

A efectos da presente ordenanza, enténdese por:

a) Actuación administrativa automatizada: actuación administrativa producida por un sistema de información adecuadamente programado sen necesidade de intervención dunha persoa física en cada caso singular. Inclúe a produción de actos de trámite ou resolutorios de procedementos, así como de meros actos de comunicación.

b) Aplicación: programa ou conxunto de programas cuxo obxecto é a resolución dun problema mediante o uso da informática.

c) Aplicación de fontes abertas: aquela que se distribúe cunha licenza que permite a liberdade de executala, de coñecer o código fonte, de modificala ou melloralala e de redistribuír copias o outros usuarios.

d) Autenticación: acreditación por medios electrónicos da identidade dunha persoa ou ente, do contido da vontade expresada nas súas operacións, transaccións e documentos, e da integridade e autoría destes últimos.

e) Canles: estruturas ou medios de difusión dos contidos e servizos, incluíndo a canle presencial, o telefónico e o electrónico, así como outros que existan na actualidade ou poidan existir no futuro (dispositivos móbiles, TDT, etc.)

f) Certificado electrónico: segundo o artigo 6 da Lei 59/2003, do 19 de decembro, de sinatura electrónica, documento asinado electronicamente por un prestador de servizos de certificación que vincula uns datos de verificación de sinatura a un asinante e confirma a súa identidade.

g) Certificado electrónico recoñecido; segundo o artigo 11 da Lei 59/2003, son certificados recoñecidos os certificados os certificados electrónicos expedidos por un prestador de servizos de certificación que cumpra os requisitos establecidos nesta Lei en canto á comprobación da identidade e demais circunstancias dos solicitantes e a fiabilidade e as garantías dos servizos de certificación que presten.

h) Cidadán: calquera persoa física, persoa xurídica ou ente sen personalidade que se relacione, o sexa susceptible de relacionarse, coas administracións públicas.

i) Dirección electrónica: identificador dun equipo ou sistema electrónico desde o que se proporciona información ou servizos nunha rede de comunicación.

j) Documento electrónico: información de calquera natureza en forma electrónica, arquivada nun soporte electrónico segundo un formato determinado e subsceptible de identificación e tratamento diferenciado.

k) Estándar aberto: aquel que reúna as seguintes condicións:

1. Sexa público e a súa utilización sexa dispoñible de maneira gratuíta a un custo que non supoña unha dificultade de acceso.

2. O seu uso e aplicación non estea condicionado ó pago dun dereito de propiedade intelectual ou industrial.

l) Sinatura electrónica: segundo o artigo 3 ° da Lei 59/2003, conxunto de datos en formato electrónico, consignados xunto a outros ou asociados con eles, que poidan ser utilizados como medio de identificación do asinante.

m) Sinatura electrónica avanzada: segundo o artigo 3 ° da Lei 59/2003, sinatura electrónica que permite identificar ó asinante e detectar calquera cambio ulterior dos datos asinados, que estea vinculada ó asinante de maneira única e os datos a que se

refire e que fora creada por medios que o asinante poida manter baixo o seu exclusivo control.

n) sinatura electrónica recoñecida: segundo o artigo 3 ° da Lei 59/2003, sinatura electrónica avanzada baseada nun certificado recoñecido e xerada mediante un dispositivo seguro de creación de firma.

o) Interoperabilidade: capacidade dos sistemas de información, e por ende dos procedementos ós que estes dan soporte, de compartir datos e posibilitar o intercambio de información e coñecemento entre eles.

p) Medio electrónico: mecanismo, instalación, equipo ou sistema que permite producir, almacenar ou transmitir documentos, datos e informacións, incluíndo calquera rede de comunicación aberta ou restrinxida, como Internet, telefonía fixa e móbil ou outras.

q) Punto de acceso electrónico: conxunto de páxinas web agrupadas nun dominio de internet cuxo obxectivo é ofrecer ó usuario, de forma fácil e integrada, o acceso a unha serie de recursos e de servizos dirixidos a resolver necesidades específicas dun grupo de persoas ou o acceso á información e servizos dunha institución pública.

r) Sistema de sinatura electrónica: conxunto de elementos intervincentes na creación dunha sinatura electrónica. No caso da firma electrónica baseada en certificado electrónico, compoñen o sistema, ó menos, o certificado electrónico, o soporte, o lector, a aplicación de sinatura utilizada e o sistema de interpretación e verificación utilizado polo receptor do documento asinado.

s) Selado de tempo: acreditación a cargo dun terceiro de confianza da data e hora de realización de calquera operación ou transacción por medios electrónicos.

t) Espazos comúns ou portelos únicos: modos ou canles (oficinas integradas, atención telefónica, páxinas en internet e outros) ós que a cidadanía poden dirixirse para acceder ás informacións, trámites e servizos públicos determinados por acordo entre varias administracións.

u) Actividade do servizo: calquera actividade económica por conta propia, prestada normalmente a cambio dunha remuneración.

v) Prestador de actividade de servizo: calquera persoa física ou xurídica que ofrezca ou preste unha actividade de servizo.

DISPOSICIÓN ADICIONAL ÚNICA.

Creación doutras sedes electrónicas.

Sen prexuízo do disposto nesta ordenanza, or órganos e as entidades integrantes da administración municipal, definidos no artigo 2 desta ordenanza, poderá crear outras sedes electrónicas para o exercicio das súas competencias.

DISPOSICIÓN TRANSITORIAS

Primeira.–Sede electrónica.

A sede electrónica do Concello entrará en funcionamento desde o momento da entrada en vigor desta ordenanza.

Segunda.–Procedementos en curso.

Esta ordenanza non se aplicará ós procedementos iniciados con anterioridade a súa entrada en vigor.

Terceira.–Rexistro telemático.

O Rexistro telemático do Concello entrará en funcionamento desde o momento da entrada en vigor desta ordenanza.

Cuarta.–Notificación electrónica.

O Concello poñerá en marcha a notificación electrónica, para os procedementos e trámites que o requiran, cando se teñan posto en marcha os sistemas e as tecnoloxías correspondentes.

Quinta.–Arquivo electrónico.

O arquivo electrónico do Concello entrará en funcionamento cando o Concello poña en marcha os sistemas e as tecnoloxías correspondentes, así como a implantación da xestión documental integral.

DISPOSICIÓNS FINAIS

Primeira.–Regulación de novos procedementos e trámites.

A partir da entrada en vigor desta ordenanza, calquera regulación que se efectúe de novos procedementos e trámites administrativos, ou modificación dos existentes, axustarase ás condicións e os requisitos previstos nesta ordenanza.

Segunda.–Adaptación á normativa municipal.

O Concello comprométese a adaptar a normativa municipal ás previsións desta ordenanza.

Terceira.–Entrada en vigor.

Esta ordenanza entrará en vigor o día seguinte ó da publicación da súa aprobación definitiva.”

2 Publicar esta ordenanza no BOP para que durante un prazo de 30 días se poidan presentar as reclamacións ou alegacións oportunas. No caso de non presentarse alegacións, considerarase definitivamente aprobada.

9.Recoñecemento extraxudicial de facturas 2014

Dáse conta da seguinte relación de facturas de 2014 por importe de 63.661,28 €, para a súa aprobación e aboamento con cargo ao presuposto 2015.

A continuación o Sr. Canabal di: “Volta o rito anual. Custa xa manter a orixinalidade, posto que por máis que saquemos informes, artigos da lexislación recordándolle que a figura é extraordinaria e excepcional, pois é un acto habitual neste concello.

Comezando pola lexislación básica:

- O propio Consello de Contas de Galicia, ten reflectido no informe de fiscalización a este concello que “o recoñecemento extraxudicial de créditos é reflexo dunha situación de deficiente xestión municipal que trata de dar solución á existencia de obrigas de pago sen crédito orzamentario”.

- Aínda que como é lóxico, esta figura existe e aparece dentro da lexislación referida ás facendas locais, está permitido “excepcionalmente” pola lei como medida de protección dos intereses de terceiros (só faltaría que os provedores non cobraran pola mala xestión do alcalde de turno).
- Mais a súa aplicación, e así está recoñecido na xurisprudencia e nos diversos informes do propio Consello de Contas de Galicia, “*supón unha quebra do propio concepto de orzamento e dos principios de anualidade e especialidade cualitativa e cuantitativa*”.

Analicemos o grao de “excepcionalidade” no Concello de Boqueixón:

- Dende o ano 2000 o concello de Boqueixón recoñeceu extraxudicialmente 3.292.141,41 €, o que supón un promedio de 219.476,09 € movidos dun ano para o seguinte.
- No pleno de xaneiro trouxeron vostedes 128 facturas sen xustificar (a grande parte delas de consumos enerxéticos) por un importe de 52.469,51 €, ao que hai que sumar as 208 facturas que traen a este pleno, cun importe total de 63.661,28 €.
- É dicir, entre os dous plenos aproban por esta figura excepcional 336 facturas por un importe de 116.130,79 €.
- O grao de excepcionalidade é tal que as facturas son todas de gastos comúns do concello, na súa maioría aos consumos enerxéticos como xa se dixo, mais tamén ao pago da asesoría urbanística, Sogama, Consorcio... ao mantemento informático, aos calendarios e revistas e a algúns arranxos pequenos.

Desagrego a continuación os recoñecementos extraxudiciais de crédito dende o ano 2000, simplemente para a súa incorporación á acta desta sesión.

REC	
2000	51.086,03 €
2001	210.354,24 €
2002	276.465,57 €
2003	211.948,54 €
2004	471.508,78 €
2005	127.291,12 €
2006	223.040,71 €
2007	196.060,25 €
2008	748.239,16 €
2009	290.082,17 €
2010	131.816,17 €
2011	62.955,19 €
2012	95.765,04 €
2013	79.397,65 €
2014	116.130,79 €
TOTAL	3.292.141,41 €
MEDIA	219.476,09 €

Obvio pois recordarlle que isto racha o principio de anualidade do propio orzamento, e que despois do dito nestes anos, fan recoñecementos extraxudiciais de crédito masivos a sabendas de que é un acto irregular.

Por outro lado chama a atención o cambio do expediente plenario. No primeiro expediente plenario había unha factura do restaurante Cañiza, dunha comida de traballadores o 19/12/2014 por importe de 835,00 €. Logo rectifican o expediente, e este vén cunha anotación que textualmente di: “A factura presentada por A Cañiza – comida traballadores 19-12-2014, por importe de 835,00 euros, foi aboada a día de hoxe polo señor alcalde”.

Non estaría demais que o señor alcalde explicara por qué a pagou, posto que se é por irregularidade, debera telas pagado todas, posto que como xa dixen, a aprobación destas facturas constitúe en si un acto irregular.

Calquera xestor, despois dos datos que acabo de tirar, tería sido cesado xa no ano 2000, ou ben por vergoña, tería dimitido antes. Aquí nin unha cousa nin a outra.

O señor alcalde di que esa factura foi pagada por el, pero que non se deu conta de que se enviara ao concello e se rexistrara, polo que, unha vez enterado retirouna, pois o concello non a ten que pagar, porque xa está pagada.

O señor Barcala di que o recoñecemento debe ser extraordinario e entende que o gasto de enerxía eléctrica si o é tendo en conta que as eléctricas sempre están dando tombos, pero o das restantes facturas non se deberían dar pois deben estar previstas no presuposto e non gastar máis do que existe consignado.

Procédese coa votación e cos votos a favor do PP e en contra do PSOE e do concelleiro non adscrito, acórdase:

1. Aprobar as seguinte facturas do ano 2014 por importe total de **63.661,28 €**, e que a continuación se desagregan nos seguintes listados:

1)

Núm.	Proveedor	Partida	Importe
1	Antonio Pena SL – reparacións varias 2014	920.212.00	5.458,82
2	Consortio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar – Xantar na casa 4º trimestre 2014	231.227.99	1.305,72
3	Probisa – aglomerado pistas municipais	153.2.212.00	385,64
4	SOGAMA – tratamento decembro	162.3.212.00	9.162,80
		Total	16.312,98

Aprobar as seguintes facturas domiciliadas e xa aboadas:

Núm.	Proveedor	Partida	Importe
1	Gas Natural Servicios SDG SA – Custo electricidade 01/11-23/12 do Ximnasio	165.221.00	372,85
2	Gas Natural Servicios SDG SA – Custo electricidade 01/11-28/11 Depuradora de Orto	161.221.00	4.802,65
3	Gas Natural Servicios SDG SA – Custo electricidade 29/11-18/12 Depuradora de Orto	161.221.00	3.077,13
4	Gas Natural Servicios SDG SA – Custo electricidade mes de decembro 2014 do bombeo de Donas	161.221.00	1.443,29
5	Gas Natural Servicios SDG SA – Custo electricidade mes de novembro	161.221.00	1.390,81

	2014 do bombeo de Donas		
	Total		11.086,73
	Suma total		27.399,71

2) FACT. GAS NAT. SERVICIOS SDG, S.A - Rex. 15/151 cun importe de 5.261,37euros con cargo á partida 165.221.00 do orzamento do ano 2015:

<i>Nº de Factura</i>	<i>CUPS</i>	<i>Importe</i>	<i>Lugar Suministro</i>	<i>Dat. Emisión</i>	<i>Data Facturación</i>
FE14321163102315	ES0022000007575350XB1P	164,02	Cent. de Saúde, 9164 Vilar - Lestedo	23/12/2014	01/11/14 a 18/12/14
FE14321163376240	ES0022000007031520DQ1P	396,71	Lg. Cachosenande, 9604 Polidep.	29/12/2014	01/11/14 a 19/12/14
FE14321162288376	ES0022000008842233FP1P	687,58	Campo de Fútbol, - Forte 9050	14/12/2014	01/11/14 a 28/11/14
FE14321163102314	ES0022000004357733TW1P	504,53	Camp.da Festa, 0164 Vilar - Lestedo	23/12/2014	01/11/14 a 18/12/14
FE14321163376238	ES0022000007164015CP1P	865,34	Concello/Xulgado do Forte, 9027.	29/12/2014	01/11/14 a 23/12/14
FE14321162288374	ES0022000007831162TV1P	555,69	Instituto do Forte, 9022 - Forte.	14/12/2014	01/11/14 a 28/11/14
FE14321162288375	ES0022000007164583ER1P	1.061,29	Colexo do Forte, 9031. Forte	14/12/2014	01/11/14 a 28/11/14
FE14321162288373	ES0022000004975487VE1P	134,88	Alum.Púb.Vilar, 0097 004 - Lestedo.	14/12/2014	01/11/14 a 28/11/14
FE14321161688117	ES0022000007586591QM1P	427,13	Alum. Púb. Igrexa, 9707 - Sergude.	11/12/2014	01/11/14 a 28/11/14
FE14321161836178	ES0022000009030777QK0P	464,20	Lg. Deseiro de Arriba, 8037 A.Púb.	11/12/2014	30/09/14 a 28/11/14
Total		5.261,37			

FACT. GAS NAT. SERVICIOS SDG, S.A - Rex. 15/152 cun importe de 16.441,86 euros con cargo á partida 165.221.00 do orzamento do ano 2015:

<i>Nº de Factura</i>	<i>CUPS</i>	<i>Importe</i>	<i>Lugar suministro</i>	<i>Data emisión</i>	<i>Data facturación</i>
F01141210001204	ES0022000007320543VK1P	97,68	Lg. Vigo, 9000 A.Público	03/12/2014	31/10/14 a 01/12/14
F01141210004214	ES0022000007661637JW1P	131,97	Lg. Forte, 9032 A.Público	03/12/2014	31/10/14 a 01/12/14
F01141210005149	ES0022000007320544VE1P	55,37	Lg. Senande, 9000 A.Público	03/12/2014	31/10/14 a 01/12/14
F01141210013464	ES0022000008964524BP1P	22,35	Lg. Moa, 9001 - LOCAL	03/12/2014	31/10/14 a 01/12/14
F01141210021185	ES0022000007253334QH1P	24,87	Lg. Igrexa (A), 9000 A.Público	03/12/2014	31/10/14 a 01/12/14
F01141210023622	ES0022000007662958RN1P	33,90	Lg. Carabán, 9915 - A.Púb.	03/12/2014	31/10/14 a 01/12/14
F01141210025614	ES0022000007021150HL1P	208,79	Lg. Ramil, 9704 - A.Público	03/12/2014	31/10/14 a 01/12/14
F01141210026625	ES0022000007662959RJ1P	66,47	Lg. Igrexa (A), 8892 A.Público	03/12/2014	31/10/14 a 01/12/14
F01141210029292	ES0022000007320549HG1P	224,53	Lg. Deseiro de Arriba, 9002 A.Púb.	03/12/2014	31/10/14 a 01/12/14
F01141210035607	ES0022000007249659HT1P	48,65	Lg. Carabán, 9914 - A.Púb.	03/12/2014	31/10/14 a 01/12/14
F01141210039192	ES0022000008964525BD1P	25,88	Lg. Orto, 9700 - Boqueixón	03/12/2014	31/10/14 a 01/12/14
F01141210039877	ES0022000004975491HA1P	131,68	Lg. Rodiño Grande, 9706 A.Púb.	03/12/2014	31/10/14 a 01/12/14
F01141210040946	ES0022000007455163ME1P	169,19	Lg. Pazos, 9102 AP A.Público2	03/12/2014	31/10/14 a 01/12/14
F01141210041672	ES0022000007320555HX1P	24,37	Lg. Vilar, 9003 A.Público	03/12/2014	31/10/14 a 01/12/14
F01141210042734	ES0022000007021267TK1P	168,11	Lg. Rubial, 9697 - A.Público	03/12/2014	31/10/14 a 01/12/14

F01141210049619	ES0022000007107334QE1P	73,79	Lg. Rubio, 9796 A. Público	03/12/2014	31/10/14 a 01/12/14
F01141210055766	ES0022000007320582LZ1P	95,15	Lg. Torre, 9000 A.Público	03/12/2014	31/10/14 a 01/12/14
F01141210063193	ES0022000008876495WT1P	48,17	Lg. Vilar, 0005 A.Público	03/12/2014	31/10/14 a 01/12/14
F01141210072928	ES0022000007249769EH1P	86,41	Lg. Vilar, 9924 A.Público	03/12/2014	31/10/14 a 01/12/14
F01141210073692	ES0022000007373065RB1P	96,05	Lg. Vilaboa, 9998 - A.Público	03/12/2014	31/10/14 a 01/12/14
F01141210076871	ES0022000004975486VK1P	174,13	Lg. Vilar, 9700 A.Público	03/12/2014	01/11/14 a 01/12/14
F01141210078433	ES0022000007251856KN1P	229,75	Lg. Igrexa (A), 8891 A.Público	03/12/2014	01/11/14 a 01/12/14
F01141210129068	ES0022000004975490HW1P	14,37	Lg. Vilar, 9704SF SEMA03	04/12/2014	01/11/14 a 01/12/14
F01141210131979	ES0022000007320580LN1P	188,63	Lg. Santabaia, 9000 A.Público	04/12/2014	01/11/14 a 01/12/14
F01141210162232	ES0022000007455157MQ1P	203,44	Lg. Pazos, 9101 AP A.Público1	04/12/2014	01/11/14 a 01/12/14
F01141210163118	ES0022000007021143HN1P	177,45	Lg. Outeiro, 9710 A.Público	04/12/2014	01/11/14 a 01/12/14
F01141210168586	ES0022000007164018CB1P	402,11	Lg. Forte, 9030 A.Público	04/12/2014	01/11/14 a 01/12/14
F01141210190373	ES0022000007561243HA1P	115,52	Lg. Espiñeira, 9909 A.Púb.	05/12/2014	01/11/14 a 01/12/14
F01141210219037	ES0022000007566337DZ1P	123,78	Lg. Casal, 9109 - A.Público	05/12/2014	01/11/14 a 01/12/14
F01141210242708	ES0022000007249666HF1P	85,67	Lg. Pena, 9915 - A.Público	05/12/2014	01/11/14 a 01/12/14
F01141210461132	ES0022000007021268TE1P	354,91	Lg. Gándara, 9700 A.Público	10/12/2014	01/11/14 a 01/12/14
F01141211184291	ES0022000007249776TW1P	251,50	Lg. Vilar, 9926 A.Público	21/12/2014	31/10/14 a 18/12/14
F01141211195016	ES0022000007559623QQ1P	228,97	Lg. Vilar, 9705 A.Público	21/12/2014	31/10/14 a 18/12/14
F01141211195590	ES0022000007320554HD1P	117,59	Lg. Ardaris, 9000 A.Público	21/12/2014	31/10/14 a 18/12/14
F01141211200387	ES0022000007372764BD1P	247,88	Lg. Ardilleiro Pequeno,9921 A.Púb.	21/12/2014	31/10/14 a 18/12/14
F01141211205843	ES0022000008622407VQ1P	230,32	Lg. Lestedo, 9001 A.Público	21/12/2014	31/10/14 a 18/12/14
F01141211211129	ES0022000007249674HS1P	66,84	Lg. Orto, 9916 A.Público -	21/12/2014	31/10/14 a 18/12/14
F01141211234887	ES0022000007249693LB1P	57,40	Lg. Ardilleiro Grande, 9919 - A.Púb.	21/12/2014	31/10/14 a 18/12/14
F01141211244765	ES0022000007249760ED1P	158,24	Lg. Reboredo, 9923 A. Púb.	21/12/2014	31/10/14 a 18/12/14
F01141211245118	ES0022000007320556HB1P	228,01	Lg. Milleirós, 9087 A.Público	21/12/2014	31/10/14 a 18/12/14
F01141211253926	ES0022000008942577TA1P	501,44	Lg. Vilar, 0001 A.P Poste	21/12/2014	31/10/14 a 18/12/14
F01141211262655	ES0022000007455154MJ1P	263,33	Lg. Milleirós, 5100 ALPUB3	21/12/2014	31/10/14 a 18/12/14
F01141211282199	ES0022000007320544VE1P	48,25	Lg. Senande, 9000 A.Público	24/12/2014	01/12/14 a 18/12/14
F01141211285628	ES0022000007320543VK1P	30,37	Lg. Vigo, 9000 A.Público	24/12/2014	01/12/14 a 18/12/14
F01141211287292	ES0022000007661637JW1P	38,20	Lg. Forte, 9032 A.Público	24/12/2014	01/12/14 a 18/12/14
F01141211292440	ES0022000008964524BP1P	11,58	Lg. Moa, 9001 - LOCAL	24/12/2014	01/12/14 a 18/12/14
F01141211305525	ES0022000007662959RJ1P	35,92	Lg. Igrexa (A), 8892 A.Público	24/12/2014	01/12/14 a 18/12/14
F01141211307034	ES0022000007320549HG1P	33,87	Lg. Deseiro de Arriba, 9002 A.Púb.	24/12/2014	01/12/14 a 18/12/14
F01141211308234	ES0022000007253334QH1P	22,24	Lg. Igrexa (A), 9000 A.Público	24/12/2014	01/12/14 a 18/12/14
F01141211309598	ES0022000007662958RN1P	48,61	Lg. Carabán, 9915 - A.Púb.	24/12/2014	01/12/14 a 18/12/14
F01141211310740	ES0022000007021150HL1P	136,43	Lg. Ramil, 9704 - A.Público	24/12/2014	01/12/14 a 18/12/14
F01141211318343	ES0022000008964525BD1P	18,92	Lg. Orto, 9700 - Boqueixón	24/12/2014	01/12/14 a 18/12/14
F01141211321960	ES0022000007249659HT1P	20,33	Lg. Carabán, 9914 - A.Púb.	24/12/2014	01/12/14 a 18/12/14
F01141211324312	ES0022000004975491HA1P	71,69	Lg. Rodiño Grande, 9706 A.Púb.	24/12/2014	01/12/14 a 18/12/14
F01141211325316	ES0022000007320555HX1P	17,47	Lg. Vilar, 9003 A.Público	24/12/2014	01/12/14 a 18/12/14

F01141211329765	ES0022000007107334QE1P	56,51	Lg. Rubio, 9796 A. Público	24/12/2014	01/12/14 a 18/12/14
F01141211330500	ES0022000007455163ME1P	33,31	Lg. Pazos, 9102 AP A.Público2	24/12/2014	01/12/14 a 18/12/14
F01141211331532	ES0022000007021267TK1P	64,88	Lg. Rubial, 9697 - A.Público	24/12/2014	01/12/14 a 18/12/14
F01141211331643	ES0022000007320580LN1P	39,31	Lg. Santabaia, 9000 A.Público	24/12/2014	01/12/14 a 18/12/14
F01141211344501	ES0022000007320582LZ1P	32,54	Lg. Torre, 9000 A.Público	24/12/2014	01/12/14 a 18/12/14
F01141211348772	ES0022000008876495WT1P	28,79	Lg. Vilar, 0005 A.Público	24/12/2014	01/12/14 a 18/12/14
F01141211360110	ES0022000007249769EH1P	21,31	Lg. Vilar, 9924 A.Público	24/12/2014	01/12/14 a 18/12/14
F01141211362314	ES0022000004975486VK1P	47,11	Lg. Vilar, 9700 A.Público	24/12/2014	01/12/14 a 18/12/14
F01141211363183	ES0022000007251856KN1P	43,72	Lg. Igrexa (A), 8891 A.Público	24/12/2014	01/12/14 a 18/12/14
F01141211366125	ES0022000007373065RB1P	52,53	Lg. Vilaboa, 9998 - A.Público	24/12/2014	01/12/14 a 18/12/14
F01141211421096	ES0022000004975490HW1P	1,69	Lg. Vilar, 9704SF SEMA03	25/12/2014	01/12/14 a 18/12/14
F01141211422418	ES0022000007566337DZ1P	90,07	Lg. Casal, 9109 - A.Público	25/12/2014	01/12/14 a 18/12/14
F01141211456221	ES0022000007455157MQ1P	50,01	Lg. Pazos, 9101 AP A.Público1	25/12/2014	01/12/14 a 18/12/14
F01141211457113	ES0022000007021143HN1P	30,17	Lg. Outeiro, 9710 A.Público	25/12/2014	01/12/14 a 18/12/14
F01141211462653	ES0022000007164018CB1P	89,43	Lg. Forte, 9030 A.Público	25/12/2014	01/12/14 a 18/12/14
F01141211465691	ES0022000007320548HA1P	421,66	Lg. Lamas, 6002 A.Público	26/12/2014	28/10/14 a 23/12/14
F01141211469394	ES0022000007021144HJ1P	296,83	Lg. Rodiño Pequeño, 9709 A.Púb.	26/12/2014	28/10/14 a 23/12/14
F01141211470862	ES0022000007249640VG1P	94,51	Lg. Quián, 9911 A.Público1	26/12/2014	28/10/14 a 23/12/14
F01141211472903	ES0022000007320551HY1P	93,25	Lg. Rodiño Grande, 9001 A.Púb.	26/12/2014	28/10/14 a 23/12/14
F01141211474251	ES0022000007661757HF1P	311,90	Lg. Forte, 9080 A.Público	26/12/2014	31/10/14 a 23/12/14
F01141211477199	ES002200000776341DM1P	169,55	Lg. Moa, 9002 A.Público	26/12/2014	31/10/14 a 22/12/14
F01141211480353	ES0022000007107339VG1P	108,65	Lg. Noenlle, 9794 A. Público2	26/12/2014	28/10/14 a 23/12/14
F01141211481455	ES0022000007253151PL1P	241,37	Lg. Deseiro de Arriba, 9000 A.Púb.	26/12/2014	28/10/14 a 23/12/14
F01141211483968	ES0022000007376881YD1P	69,85	Lg. Moa, 9001 A.Público	26/12/2014	31/10/14 a 22/12/14
F01141211485007	ES0022000007561243HA1P	31,69	Lg. Espiñeira, 9909 A.Púb.	26/12/2014	01/12/14 a 18/12/14
F01141211488022	ES0022000008622400VD1P	359,45	Lg. Rodiño Pequeño, 9700 A.Púb.	26/12/2014	28/10/14 a 23/12/14
F01141211492313	ES0022000007019824FG1P	49,31	Lg. Igrexa (A), 0001 A.Público	26/12/2014	31/10/14 a 22/12/14
F01141211493429	ES0022000007249771EC1P	440,68	Lg. Picota, 9925 A.Público	26/12/2014	31/10/14 a 19/12/14
F01141211493698	ES0022000007249794TC1P	149,93	Lg. Igrexa (A), 9927 A.Público	26/12/2014	31/10/14 a 23/12/14
F01141211498558	ES0022000007021147HQ1P	110,30	Lg. Pumares, 9707 A.Público2	26/12/2014	28/10/14 a 23/12/14
F01141211498955	ES0022000008178372PL1P	75,14	Lg. Deseiro de Arriba,9600 A. Púb.	26/12/2014	28/10/14 a 23/12/14
F01141211500346	ES0022000007107338VA1P	167,48	Lg. Noenlle, 9795 A. Público1	26/12/2014	28/10/14 a 23/12/14
F01141211500578	ES0022000007249633QC1P	295,70	Lg. Xiadás, 9910 A.Público	26/12/2014	01/11/14 a 22/12/14
F01141211504225	ES0022000007249751ET1P	5,58	Lg. Gastrar, 9921 A.Público	26/12/2014	31/10/14 a 22/12/14
F01141211505689	ES0022000008178424BW1P	115,65	Lg. Pumares, 9010 A.Púb.	26/12/2014	28/10/14 a 23/12/14
F01141211511589	ES0022000009030714ZG1P	394,91	Lg. Rodiño Grande, 9998 A.Púb.	26/12/2014	28/10/14 a 23/12/14
F01141211513871	ES0022000007021264TH1P	269,90	Lg. Mareque, 9701 A.Público	26/12/2014	28/10/14 a 23/12/14
F01141211516816	ES0022000007251849KM1P	46,38	Lg. Igrexa (A), 8892 A.Púb.	26/12/2014	31/10/14 a 22/12/14
F01141211521606	ES0022000007251852KP1P	233,59	Lg. Loureda, 8889	26/12/2014	31/10/14 a 22/12/14

			A.Público		
F01141211528275	ES0022000007249688LY1P	93,48	Lg. Outeiro, 9918 ALPU01	26/12/2014	31/10/14 a 22/12/14
F01141211528659	ES0022000007021265TL1P	112,11	Lg. Cachosenande, 9699 A.Púb.	26/12/2014	31/10/14 a 19/12/14
F01141211529526	ES0022000007249757EY1P	181,79	Lg. Agra, 9922 A. Público	26/12/2014	31/10/14 a 22/12/14
F01141211531969	ES0022000007107337VW1P	147,32	Lg. Vilar, 9795 A.Público	26/12/2014	28/10/14 a 23/12/14
F01141211536644	ES0022000007373071RV1P	145,44	Lg. Caneda, 9995 A.Público.	26/12/2014	31/10/14 a 22/12/14
F01141211541007	ES0022000008177365BR1P	99,14	Lg. Deseiro de Arriba,9130 A.Púb.	26/12/2014	28/10/14 a 23/12/14
F01141211544461	ES0022000007320546HR1P	304,11	Lg. Lamas, 9001 A.Público	26/12/2014	28/10/14 a 23/12/14
F01141211546484	ES0022000007249678HL1P	50,75	Lg. Agra, 9917 A. Público2	26/12/2014	31/10/14 a 22/12/14
F01141211547681	ES0022000007021148HV1P	275,84	Lg. Lestedo, 9707 A.Público1	26/12/2014	31/10/14 a 19/12/14
F01141211549748	ES0022000007561259HL1P	31,23	Lg. Picota, 0925 A.Público	26/12/2014	31/10/14 a 19/12/14
F01141211550211	ES0022000007019754GA1P	128,33	Lg. Gastrar, 9317 A.Público	26/12/2014	31/10/14 a 22/12/14
F01141211551050	ES0022000007019787MJ1P	224,75	Lg. Casalpeguito, 9318 A.Púb.	26/12/2014	01/11/14 a 22/12/14
F01141211552075	ES0022000007661745VH1P	74,57	Lg. Gándara, 9701 A.Púb.	26/12/2014	28/10/14 a 23/12/14
F01141211552563	ES0022000007249642VY1P	42,16	Lg. Quián, 9912 A.Público2	26/12/2014	28/10/14 a 23/12/14
F01141211553844	ES0022000007021266TC1P	159,26	Lg. Troitamil, 9698 A.Público	26/12/2014	31/10/14 a 19/12/14
F01141210031918	ES0022000008895802JX1P	52,74	Bombeo de Noenlle 9010	03/12/2014	31/10/14 a 01/12/14
F01141211178742	ES0022000004357716EP1P	373,85	Lg. Vilar, 0001	21/12/2014	31/10/14 a 18/12/14
F01141211179029	ES0022000004357629HJ1P	26,35	Lg. Ardaris, 0010IG	21/12/2014	31/10/14 a 18/12/14
F01141211213155	ES0022000004357736TM1P	8,74	Lg. Vilar, 0154ER	21/12/2014	31/10/14 a 18/12/14
F01141211319882	ES0022000008895802JX1P	18,42	Bombeo de Noenlle 9010	24/12/2014	01/12/14 a 18/12/14
F01141211466020	ES0022000007164780FZ1P	452,65	Lg. Forte, 9033 Ctsalud	26/12/2014	31/10/14 a 23/12/14
F01141211469783	ES0022000007986447JY1P	92,94	Lg. Cachosenande, 9910.	26/12/2014	31/10/14 a 19/12/14
F01141211504459	ES0022000007854283VT1P	204,45	Lg. Lamas, 9004 LOCALS	26/12/2014	28/10/14 a 23/12/14
F01141211525585	ES0022000007274911BK1P	61,17	Lg. Igrexa (A), 9999 PALCO	26/12/2014	31/10/14 a 23/12/14
F01141211528291	ES0022000004312931FG1P	201,31	Lg. Lamas, 8004CC	26/12/2014	28/10/14 a 23/12/14
F01141211532010	ES0022000008096879FS1P	25,88	Lg. Gastrar, 8010, AREA	26/12/2014	31/10/14 a 22/12/14
F01141211540912	ES0022000007274859DS1P	49,82	Lg. Santabaia, 9999 LOSOCI	26/12/2014	31/10/14 a 22/12/14
F01141211545576	ES0022000008386073TF1P	630,83	Lg. Forte, 0011DU, PCIVIL	26/12/2014	31/10/14 a 23/12/14
F01141211550430	ES0022000007320578LX1P	149,25	Lg. Forte, 9000 POLIDE	26/12/2014	31/10/14 a 23/12/14

Total 16.441,86

CHC Energía – Udesa, SL - Rex. 15/208 cun importe de 1.191,74 euros con cargo á partida 165.221.00 do orzamento do ano 2015:

Nº factura	Cups	Importe	Dirección do Suministro	Data emisión	Data facturación
1CSN150100356794	ES0111000009304046LB0F	123,96	Alum. Púb. Granxola- Codeso	29/01/15	25/10/14 a 26/12/14
1CSN150100356795	ES0111000009304058CT0F	407,98	Lugar Loureiro - Pousada	29/01/15	25/10/14 a 26/12/14
1CSN150100356796	ES0111000009305006SM0F	173,83	Lugar Donas	29/01/15	25/10/14 a 26/12/14
1CSN150100356797	ES0111000009313013HP0F	485,97	Lugar Camporrapado	29/01/15	27/10/14 a 29/12/14

TOTAL 1.191,74 €

CHC Energía – Udesa, SL - Rex. 15/220 cun importe de 66,66 euros con cargo á partida 165.221.00 do orzamento do ano 2015:

1CSN150100358635	ES0111000009313064CJ0F	66,66	Lugar Devesa	30/01/15	27/10/14 a 30/12/14
TOTAL		66,66 €			

CHC Energía – Udesa, SL - Rex. 15/261 cun importe de 235,71 euros con cargo á partida 165.221.00 do orzamento do ano 2015:

1CSN150100355183	ES0111000009303093RR0F	235,71	Local Social Codeso	29/01/15	27/10/14 a 29/12/14
TOTAL		235,71 €			

CHC ENERGIA UDESA e GRES - Rex. 15/262 cun importe de 10.156,33 euros con cargo á partida 165.221.00 do orzamento do ano 2015:

Nº factura	Cups	Importe	Dirección do Suministro	Data emisión	Data facturación
1CSN150100355749	ES0111000009301099YP0F	153,45	Alum. Púb. Rebordaos-Oural	29/01/15	27/10/14 a 31/12/14
1CSN150100355750	ES0111000009301117FA0F	174,54	Alum. Púb. Rebordaos-Oural	29/01/15	27/10/14 a 31/12/14
1CSN150100355751	ES0111000009301128FZ0F	244,75	Al.Púb.Rebordaos do Medio-Oural	29/01/15	27/10/14 a 31/12/14
1CSN150100358233	ES0111000009301135FK0F	12,93	Alum. Púb. Ponteledesma	30/01/15	27/10/14 a 31/12/14
1CSN150100355752	ES0111000009303006CY0F	278,87	Alum. Púb. Engas-Codeso	29/01/15	25/10/14 a 26/12/14
1CSN150100355753	ES0111000009303022CE0F	124,19	Alum. Púb. Casaldesuso-Codeso	29/01/15	27/10/14 a 29/12/14
1CSN150100355754	ES0111000009303067EK0F	838,77	Al. Púb. (Casa S. Juan) Codeso	29/01/15	27/10/14 a 29/12/14
1CSN150100355755	ES0111000009303068EE0F	26,47	Alum. Púb. Codeso	29/01/15	27/10/14 a 29/12/14
1CSN150100358234	ES0111000009303069TT0F	10,31	Esc. nenas Outeiro - Codeso	30/01/14	27/10/14 a 29/12/14
1CSN150100358235	ES0111000009303070TR0F	10,31	Alum. Púb. Outeiro - (Codeso)	30/01/15	27/10/14 a 29/12/14
1CSN150100355756	ES0111000009303073TG0F	359,35	Alum. Púb. Igrexa Codeso	29/01/15	27/10/14 a 29/12/14
1CSN150100358236	ES0111000009303079TX0F	51,57	Local Soc. Outeiro-Codeso	30/01/15	27/10/14 a 29/12/14
1CSN150100355757	ES0111000009303087TH0F	124,88	Alum. Púb. Gafo.Codeso	29/01/15	27/10/14 a 29/12/14
1CSN150100355758	ES0111000009304048LJ0F	86,38	Alum. Púb. C.Casal-Casalviato	29/01/15	25/10/14 a 26/12/14
1CSN150100355759	ES0111000009304049LZ0F	118,79	Al. Púb. Centro Frío Casalviato	29/01/15	25/10/14 a 26/12/14
1CSN150100355760	ES0111000009304050LS0F	25,65	Al. Púb. Vixión-Devesa - Codeso	29/01/15	25/10/14 a 26/12/14
1CSN150100355761	ES0111000009304051LQ0F	127,33	Al. Púb. Vixión-Devesa - Codeso	29/01/15	25/10/14 a 26/12/14
1CSN150100355762	ES0111000009304056LK0F	44,17	Alum. Púb. Granxola-Molino Boo	29/01/15	01/11/14 a 31/12/14
1CSN150100355763	ES0111000009304057LE0F	44,17	Al. Púb. Granxola-Casa Gerardo	29/01/15	01/11/14 a 31/12/14
1CSN150100355764	ES0111000009309008MM0F	166,60	Alum. Púb. Maravexás, S/N	29/01/15	25/10/14 a 26/12/14
1CSN150100355765	ES0111000009313061CX0F	24,55	Lugar (Casa	29/01/15	27/10/14 a 30/12/14

			Alfonso) Oural		
1CSN150100355766	ES0111000009313063CN0F	81,66	Cent. Deportivo de Camporrapado	29/01/15	27/10/14 a 30/12/14
1CSN150100355767	ES0111000009313067CQ0F	323,18	A. Púb, Banco G. Camporrapado	29/01/15	27/10/14 a 29/12/14
1CSN150100355768	ES0111000009313077KA0F	335,87	Alum, Púb. Peneliña-Oural	29/01/15	27/10/14 a 30/12/14
1CSN150100355769	ES0111000009313189AT0F	588,76	Silveira-Escola Bajo, Oural	29/01/15	27/10/14 a 30/12/14
1CSN150100355770	ES0111000009313192AA0F	380,69	Lugar Vila la Paz - Oural	29/01/15	27/10/14 a 30/12/14
1CSN150100355771	ES0111000009313196AF0F	429,90	Alu. Púb. Campo da Festa-Oural	29/01/15	27/10/14 a 30/12/14
1CSN150100355772	ES0111000009313203AZ0F	95,28	Alum. Púb. León-Camporrapado	29/01/15	27/10/14 a 30/12/14
1CSN150100355773	ES0111000009313210AK0F	339,25	Alum.Púb. Silveira-Camporrapado	29/01/15	27/10/14 a 30/12/14
1CSN150100358237	ES0111000009313212GT0F	62,86	Local Social Pousada S/N	30/01/15	27/10/14 a 30/12/14
1CSN150100355774	ES0111000009313218GY0F	13,54	Alum. Púb. Supazo - Pousada	29/01/15	27/10/14 a 30/12/14
1CSN150100355775	ES0111000009313220GP0F	118,02	Alum. Púb. Castro I-oural	29/01/15	27/10/14 a 30/12/14
1CSN150100355776	ES0111000009313221GD0F	179,16	Alum. Púb. Castro II-oural	29/01/15	27/10/14 a 30/12/14
1CSN150100355777	ES0111000009313222GX0F	105,94	Alum. Púb. Castro II-oural	29/01/15	27/10/14 a 30/12/14
1CSN150100355778	ES0111000009313223GB0F	217,36	Alum. Púb. Parte Castro-Oural	29/01/15	27/10/14 a 30/12/14
1CSN150100355779	ES0111000009313224GN0F	190,49	Al.Púb. Pumariño-Corral-Pousada	29/01/15	27/10/14 a 30/12/14
1CSN150100355780	ES0111000009313235MT0F	43,05	Alum. Púb. Papete-Pousada	29/01/15	27/10/14 a 30/12/14
1CSN150100355781	ES0111000009313236MR0F	216,90	Alum. Púb. Pousada	29/01/15	27/10/14 a 30/12/14
1CSN150100355782	ES0111000009313267YD0F	178,64	Alum. Púb. Pousada-Oural	29/01/15	27/10/14 a 30/12/14
1CSN150100355783	ES0111000009314019QW0F	364,84	Lugar Pousada S/N	29/01/15	27/10/14 a 29/12/14
1CSN150100355784	ES0111000009315028JE0F	125,46	Igrexa Parroquial Subcira	29/01/15	27/10/14 a 31/12/14
1CSN150100355785	ES0111000009315038ZD0F	301,23	A.P. Subcira-CT S/N	29/01/15	27/10/14 a 31/12/14
1CSN150100355786	ES0111000009315039ZX0F	47,18	A.P. Viñas (Boqueixón)	29/01/15	27/10/14 a 31/12/14
1CSN150100355787	ES0111000009315041ZN0F	34,63	Local Social de Subcira	29/01/15	27/10/14 a 31/12/14
1CSN150100355788	ES0111000009315043ZZ0F	468,83	A.P. Fonteblanca e Frenza	29/01/15	27/10/14 a 30/12/14
1CSN150100188374	ES0111000009313060CD0F	222,48	Centro Cultural Camporrapado	15/01/15	01/12/14 a 01/01/15
1CSN150100158451	ES0221000001005032FE0F	852,82	Lugar Vila, S/N	12/01/15	01/11/14 a 31/12/14
1CSN150100158452	ES0221000001005012FW0F	692,50	Lugar Noente, S/N	12/01/15	01/11/14 a 31/12/14
1CSN150100158453	ES0221000001005007YC0F	97,78	Local Social de Noente	12/01/15	01/11/14 a 31/12/14

TOTAL 10.156,33 €

FACT. GAS NAT. SERVICIOS SDG, S.A - Rex. 15/342 cun importe de 813,49 euros con cargo á partida 165.221.00 do orzamento do ano 2015:

<i>Nº de Factura</i>	<i>CUPS</i>	<i>Importe</i>	<i>Lugar suministro</i>	<i>Data emisión</i>	<i>Data facturación</i>
F01141211630209	ES0022000007372754XE1P	383,74	Lg. Ardilleiro Grande, 9920 - A.Púb.	02/01/2015	01/11/14 a 18/12/14
F01141211630223	ES0022000007249666HF1P	69,01	Lg. Pena, 9915 - A.Público	02/01/2015	01/11/14 a 18/12/14
F01141211630239	ES0022000007021268TE1P	197,63	Lg. Gándara, 9700 A.Público	02/01/2015	01/11/14 a 18/12/14
F01141211630276	ES0022000007249650VZ1P	132,19	Lg. Melón, 9913 A.Público	02/01/2015	01/11/14 a 22/12/14
F01150110010376	ES0022000007163985LR1P	20,01	Lg. Forte, 8007 - Boqueixón	04/01/2015	01/11/14 a 01/01/15
F01150110086037	ES0022000004313109ZK1P	10,91	Lg. Igrexa (A), 9002 A.Público	04/01/2015	31/10/14 a 01/01/15
Total		813,49			

FACT. GAS NAT. SERVICIOS SDG, S.A - Rex. 15/343 cun importe de 1.792,04 euros con cargo á partida 165.221.00 do orzamento do ano 2015:

<i>Nº de Factura</i>	<i>CUPS</i>	<i>Importe</i>	<i>Lugar Suministro</i>	<i>Dat. Emisión</i>	<i>Data Facturación</i>
FE15321163784154	ES0022000007831162TV1P	345,59	Instituto do Forte, 9022 - Forte.	07/01/2015	29/11/14 a 18/12/14
FE15321163784155	ES0022000007164583ER1P	758,78	Colexo do Forte, 9031. Forte	07/01/2015	29/11/14 a 18/12/14
FE15321163784152	ES0022000004975487VE1P	70,34	Alum.Púb.Vilar, 0097 004 - Lestedo.	07/01/2015	29/11/14 a 18/12/14
FE15321163784153	ES0022000007586591QM1P	152,13	Alum. Púb. Igrexa, 9707 - Sergude.	07/01/2015	29/11/14 a 18/12/14
FE15321163784156	ES0022000008842233FP1P	465,20	Campo de Fútbol, - Forte 9050	07/01/2015	29/11/14 a 18/12/14
Total		1.792,04			

Total suma alumeados 36.261,57 €

2. Aboalas con cargo ás correspondentes partidas do presuposto xeral municipal do 2015.

10.Proposta de finalización do contrato abastecemento e iniciación do expediente para a nova contratación

Dáse conta do expediente tramitado para a finalización do contrato de abastecemento de auga, asinado coa concesionaria Espina Delfín.

En primeiro lugar, ter en conta que inda que na orde do día e na proposta de acordo se establecía iniciar o expediente para a nova contratación do servizo, a totalidade dos membros da corporación deciden eliminar este apartado por entender que esta non é o momento de iniciar a nova contratación.

Polo tanto o punto da orde do día, será só a proposta de finalización do contrato de abastecemento.

Unha vez feitas estas aclaracións, o Sr. Canabal di o seguinte:

“En canto aos antecedentes quixer deixar constancia de algo do dito naquela sesión plenaria de 12 de maio de 2004 cando se aprobou o prego de cláusulas. Porque igual dá a sensación de que aplaudo coas orellas cada vez que vostedes externalizan, ou pretenden externalizar, un servizo público. Textualmente e sacado da acta daquela sesión dixer:

“En cuestión simplemente ideolóxica, persoalmente creo que os servizos públicos se deberían prestar por empresas públicas, dependentes directamente das administracións públicas. Nembargantes, tamén son consciente de que a filosofía occidental camiña por outros modelos de xestión, preferíndose sempre as concesións administrativas e a privatización dos servizos. Non me vou logo a opor a esta xestión, sempre que se realice ben, e insto ao Concello a que vixie que funcione ben, e preste os seus servizos con garantías aos veciños”.

E como pode verse, o funcionamento non foi acorde ao prego.

En canto á ampliación do contrato ata o 2043, no **pleno de 11 de xaneiro de 2006**, compre facermos algunha aclaración tamén:

1. Este acordo de ampliación ata o ano 2043 quedara sobre a mesa no pleno do 29 de novembro de 2005, á espera dun informe xurídico que atendera á legalidade da ampliación do contrato (30 anos máis), e sobre a posibilidade ou non de que a empresa (a cambio) executara obras por importe de 180.000 €.
2. O concello achega nesta sesión un informe xurídico elaborado polo letrado José Manuel Piñeiro pero tal e como consta no expediente plenario, faise a instancia da empresa Espina y Delfín e non do Concello. Preguntábase naquela sesión por que non tiñamos informe da secretaría do Concello.
3. Loxicamente o informe, a instancia de parte avalaba a legalidade da operación, cousa que anos despois se viu que non era así.
4. Díciase tamén nesta sesión que as condicións do contrato coa empresa cambiaban, polo que debería de convocarse outro concurso.

Curioso que todo isto quedara sen contestar naquela sesión.

Agora ben, se non temos en conta aquela ampliación do contrato, por considerala claramente ilegal, teremos que irnos, necesariamente ao prego de cláusulas do ano 2004. Neste e en canto á duración do contrato, na cláusula 34 dispón:

“34. DURACIÓN DO CONTRATO

O contrato establecerase por unha duración de dez anos, prorrogables pola tácita por períodos iguais, salvo denuncia expresa por algunha das dúas partes polo menos con tres meses de antelación ó seu vencemento.

Á expiración do contrato, salvo en caso de prórroga que se estipula na cláusula anterior, as obras e instalacións, serán devoltas ó Excmo. Concello en perfecto estado de conservación e funcionamento. A partir dese momento empezará o prazo de garantía que se define na cláusula seguinte”.

O contrato é asinado o 21 de xuño de 2004, tal e como se establece nos antecedentes. Polo cal todo indica que a data de hoxe estamos no período de prórroga, posto que ningunha das partes o denunciou con tres meses de antelación ao seu vencemento.

Aquí éntame a primeira dúbida xurídica:

- Pode facerse unha proposta de finalización de contrato sen máis?
- Non sería necesario incoar expediente de declaración de nulidade do acordo de ampliación do servizo de abastecemento de auga adoitado no 2006, xunto coa declaración de nulidade do acordo de concesión de 2004 por incumprimento das cláusulas do prego?

Espero que estas preguntas poidan ser despexadas na sesión de hoxe, posto que incluso o informe xurídico que se acompaña a estes puntos, non me despexa as dúbidas que acabo de formular.

OBRAS

En canto ás obras, pois tamén me presentan certas dúbidas. O cadro de obras que se presenta na proposta é o seguinte:

Denominación	Xunta de Goberno (certificación)	Importe
Mellora abastecementos Gastrar, Loureda e Vigo , 1ª fase.	3-10-2007	25.808,83 €
Ampliación abastecementos núcleos	2-05-2007	137.224,34 €
Ampliación abastecementos	5-07-2006	16.966,86 €
TOTAL		180.000,00 €
Abastecementos Gastrar, Loureda e Vigo, 2ª fase	3-10-2007	191.402,09€
Reforzo na rede de abastecemento Rodiño Grande		87.090,96 €
TOTAL		458.493,05 €

Dicir que as tres primeiras obras son froito do cambio ilegal da ampliación do contrato ata o ano 2043. Mais tamén é certo vistas as certificacións da Xunta de Goberno (do 05/07/2006 02/05/2007, e 03/10/2007) que estas excederon os prazos previstos nesta ampliación ilegal de contrato, posto que lle daba 6 meses para a realización das obras tal e como se establecía no acordo plenario do ano 2006, cando todas pasaron dos 18 meses.

Mais tamén se inclúen nesta relación unha serie de obras que os Concelleiros desta Corporación non temos soporte para saber en concepto de que se fixeron.

E todo isto, ademais hai que dicilo, cando na cláusula 8 do prego de cláusulas se establece:

8. OBRAS DE AMPLIACIÓN, RENOVACIÓN E MELLORA

As obras de ampliación e renovación do abastecemento son de exclusiva conta do Concello. Poderá adxudicarllas ó concesionario, comprometéndose o Concello, neste caso, ó abono da cantidade estipulada ou a reembolsarlle a cantidade invertida mediante o pago dunha cota anual ou unha sobretaxa por metro cúbico facturado, pactado de común acordo. En todo caso as obras serán supervisadas polo Concello.

Polo tanto, tamén neste punto, no resarcimento das obras, en caso de facelo, pode incluírse nunha irregularidade administrativa, que dende o meu punto de vista, non se resolve nin xustifica nesta proposta.

É dicir e para rematar, que non teño nada claro a opción elixida e non sei se xuridicamente está motivada a proposta:

1. Non prorrogar o contrato de 2004, cando xa estamos en período de prórroga.
2. O aboamento de 127.407,97 € unha vez descontados obras que son froito claramente dun contrato ilegal, como se establece no propio informe xurídico, e doutras que non sabemos (co expediente na man) a que corresponden.
3. Manter a xestión indirecta do servizo e iniciar o expediente para a nova contratación. Este debera ser unha proposta que quedara para outro pleno, unha vez resolto este entramado xurídico. Porque aquí si que non estou de acordo.

Creo que conseguín ser bastante sintético na elaboración do argumentario deste punto. Espero que teñan entendido todo o que quixen dicir. É dicir, e para resumir, que se están computando obras, que no propia proposición de proposta, se di que emanan dun contrato ilegal. O que non parece de todo lóxico.

Aínda así, e á espera de ver como damos saído deste “lío xurídico”, e precisamente e tal e como dixen na exposición deste punto, vou a absterme.

Neste punto responde a secretaria – interventora, que se a empresa acepta aceptar non prorrogar máis do primeiro ano, non habería problema.

Se non aceptan, entón, habería que acordar a declaración de nulidade co procedemento que este tipo de acordo esixe.

Procédese coa votación e cos votos a favor dos representantes do PP e coa abstención do concelleiro non adscrito e o concelleiro do PSOE, e tendo en conta os seguintes:

ANTECEDENTES

1. O Pleno da corporación co voto a favor de todos os concelleiros presentes na sesión (faltou o señor Viaño) que tivo lugar o 12 de maio de 2004, acordou aprobar o prego de condicións económico -administrativas para a contratación do servizo de abastecemento.

2. Publícase o anuncio da licitación no Diario Oficial de Galicia número 107, do 4 de xuño de 2004 e no Boletín Oficial da Provincia número 122 do 31 de maio de 2004. O prazo para a presentación de proposicións era de 15 días naturais seguintes ao da derradeira publicación.

No citado prazo só se presentou unha proposición: a de Espina&Delfín SL

3. Con data 23 de xuño do 2004 réunese no salón de plenos a mesa de contratación para proceder coa apertura de única plica presentada, na cal constaba a documentación administrativa, as referencias técnicas e a oferta económica.

Valorada a única proposición presentada e de acordo cos criterios de adxudicación fixados no prego, a mesa propuxo ó órgano de contratación (Pleno) a adxudicación do contrato a Espina&Delfín SL, en cuxa oferta económica se comprometía a prestar o servizo, suxeitándose en todo momento ás condicións establecidas e demais condicións aplicables, coa condición de percibir unha subvención de CINCO CON CINCOENTA E CATRO CÉNTIMOS DE EURO (0,0554 €) por cada metro cúbico facturado ós abonados.

Así mesmo, acepta na súa integridade o prego de condicións económico administrativos e os documentos que os completan.

4. O Pleno, na sesión que tivo lugar o 14 de xullo de 2004, co voto a favor do PP e coa abstención do PS de G e do BNG acordou **ACEPTAR** a proposta da mesa de contratación e adxudicar definitivamente o contrato, por un prazo de 10 anos prorrogable por períodos iguais, salvo denuncia expresa dalgunha das partes.

5. Con data 21 de xullo 2004, asínase o correspondente contrato, por un prazo de 10 anos (desde a data da sinatura) prorrogable por períodos iguais, salvo denuncia expresa dalgunha das partes polo menos con TRES MESES de antelación ao seu vencemento e en Pleno que tivo lugar o 11 de xaneiro do 2006 acórdase a súa ampliación ata o 2043 a cambio da execución de obras de abastecemento por importe de 180.000 €.

6. Con data 7 de novembro do 2014 (registro2061) recíbese a proposta de Espina&Delfín formulada en base á xuntanza que previamente tivo lugar o 7 de outubro do 2014 entre representantes de Espina&Delfín SL e representantes políticos e técnicos do concello.

A proposta de Espina&Delfín SL é:

1. Período de ampliación contrato de 21/07/2004 a 21/07/2029. Isto supón que a ampliación desde o contrato inicial adxudicado en 2004, é de 25 anos.
2. Asumir os custos de enerxía eléctrica dos bombeos de Donas e Orto.
3. Eliminar o canon do concello.
4. Percibir os ingresos pola venda de auga ós concellos de Vedra, Aeroporto de Santiago de Compostela ata a amortización das obras.

7. Con data 11 de novembro do 2014 (registro de saída 1006) o concello solicita informe á Deputación Provincial.

8. Con data 13 de xaneiro do 2015 (registro de entrada 45) recíbese o referido informe, do cal se deu conta á corporación na sesión plenaria do 14 de xaneiro de 2015. O citado informe nas conclusións finais establece:

- a) Que de acordo coa normativa europea e con independencia do momento da adxudicación do contrato, calquera modificación substancial debe supoñer a resolución do contrato adxudicado e a licitación dun novo.
- b) Que, salvo que da oferta presentada se desprenda o contrario, a concesionaria debería facerse cargo dende o momento da adxudicación, dos custos da enerxía eléctrica dos bombeos de Orto e Donas. Sen embargo os custos foron asumidos polo concello, polo que:
 - A modificación, no senso de asumir Espina&Delfín SL tales custos **sen eliminación** do canon, suporía unha economía para as arcas municipais.
 - A modificación, no senso de asumir Espina&Delfín SL tales custos **con eliminación** do canon, suporía unha modificación substancial do contrato e en consecuencia debería tramitarse o expediente de resolución do contrato e unha nova adxudicación.
- c) Que no caso da modificación do prazo, trátase da axustalo á normativa, polo que non hai inconveniente legal.

- d) Que no caso de modificación relativa ós ingresos pola venta de auga ós concellos limítrofes, no senso de ser percibidos pola concesionaria , suporía unha modificación substancial polo que debería tramitarse unha nova adxudicación.

9. Obras executadas por Espina&Delfín SL:

Denominación	Xunta de Goberno (certificación)	Importe
Mellora abastecementos Gastrar, Loureda e Vigo , 1ª fase.	3-10-2007	25.808,83 €
Ampliación abastecementos núcleos	2-05-2007	137.224,34 €
Ampliación abastecementos	5-07-2006	16.966,86 €
TOTAL		180.000,00 €
Abastecementos Gastrar, Loureda e Vigo, 2ª fase	3-10-2007	191.402,09€
Reforzo na rede de abastecemento Rodiño Grande		87.090,96 €
TOTAL		458.493,05 €

10. Consumo subministro eléctrico dos bombeos de Orto e Donas, aboado polo concello dende o momento da adxudicación do contrato ascende a 494.183,35 €.

Anos	Orto	Donas	Total
Desde agosto 2004	5.978,99	253,94	6.232,93
2005	18.981,63	567,20	19.548,83
2006	19.722,34	0	19.722,34
2007	22.953,21	0	22.953,21
2008	35.016,47	0	35.016,47
2009	46.891,77	11.329,19	58.220,96
2010	52.910,35	15.423,57	68.333,92
2011	24.508,07	11.632,22	36.140,29
2012	53.118,62	4.916,68	58.035,30
2013	70.904,01	12.361,65	83.265,66
2014	69.239,96	17.473,48	86.713,44
TOTAL			494.183,35

11. En canto ás obras executadas por Espina&Delfín SL, débese ter en conta a amortización que das mesmas se ten efectuado tal como se indica nos correspondentes balances presentados pola empresa, e do cal resulta:

CONCEPTO	Importe total	Amortizado a 31/12/2014	Prev.amortizac.de 1/1/2015 a 31/07/2015	T.Amortizado a 31/7/2015
Memorias executadas en base á ampliación contrato no 2006	180.000,00	38.918,94	2.837,84	41.756,78
Abastecemento a Loureda	191.402,09	42.533,76	3.101,42	45.635,18
Reforzo abastecemento Rodiño Grande-Vigo	87.090,96	3.348,94	976,77	4.325,71
TOTAL	458.493,05	84.801,64	6.916,03	91.717,67

Consecuentemente, a débeda pendente a 31/07/2015 con Espina&Delfín SL ascendería a 366.775,38 €

Tendo en conta que o concello aboou o importe de 494.183,35 € polo consumo do subministro de enerxía eléctrica dos bombeos de Donas e Orto, resulta que Espina&Delfín debe aboar ao concello 127.407,97 €.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

PRIMEIRO - O art. 133.1 da Lei de contratos das administracións públicas establece que os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas fixarán as condicións de prestación do servizo e no seu caso, fixarán as tarifas que deben aboar os usuarios, os procedementos para a súa revisión e o CANON ou participación que se debe aboar á administración. E o art. 115.3 establece que os contratos axustaranse ó contido dos pregos particulares, cuxas cláusulas considéranse parte integrante dos mesmos.

En sesión plenaria realizada o 12 de maio de 2004 foi aprobado o prego de cláusulas no que se prevé (cláusula 7) que á concesionaria corresponde, entre outras, a vixilancia, control e mantemento das estacións de bombeo e E.T.A.P

Na proposta económica presentada no seu momento pola concesionaria e formulada estritamente conforme ó modelo que figuraba como anexo do prego, establece que:

- 1 Acepta na súa integridade o prego de cláusulas económico administrativas e os documentos que so completan.
 - 2 Se compromete á prestación dos servizos, suxeitándose en todo momento ás condicións establecidas e demais disposicións aplicables, as que manifestan coñecer.
 - 3 A documentación esixida no prego e, en concreto, a oferta económica, consta da proposición presentada.
- A proposición xeral presentada consta dunha memoria, dun estudo económico e da proposición económica formulada de acordo co modelo publicado.

Na proposición xeral reflíctense os gastos de explotación do servizo, establecendo entre os gastos variables no seu apartado III.2.1, que os custos de enerxía eléctrica tanto do bombeo de Pontillón no río Ulla como os da E.T.A.P en Orto serán por conta do Concello. Sen embargo na oferta presentada de acordo co modelo publicado anexo do prego, non indica tal circunstancia, o cal engadido co previsto na cláusula 7 do prego(vixiancia,control e mantemento das estacións de bombeo e ETAP), suporía que a concesionaria debería facerse cargo dos custos de enerxía eléctrica, inda que naquel momento o concello optou por asumilos ,quizais debido a unha errónea interpretación da oferta e a que só se presentou unha.

Polo tanto a empresa desde o momento da adxudicación do contrato, tiña que asumir os custos de mantemento dos bombeos, e o mantemento implica o conxunto de accións destinadas a ter en bo estado os materiais e instalacións e, obviamente en bo estado para o seu funcionamento. Isto supón que se non se subministra enerxía eléctrica ás depuradoras, estas non funcionan.

SEGUNDO - a cláusula núm. 28 no apartado 1, especifica que non se establece o importe a percibir polo concello en concepto de CANON da concesión ou a SUBVENCIÓN a percibir polo concesionario, e no apartado 2) establece que o canon ou subvención será liquidada por períodos trimestrais segundo corresponda

Na proposta económica, non se oferta CANON ó concello, só se indica a SUBVENCIÓN por m³ facturado ós abonados e a percibir pola concesionaria, polo que nese momento non existía canon ningún.

Sen embargo, posteriormente, con data 9/11/2011 o pleno da corporación acorda modificar as taxas polo abastecemento (e o saneamento) incrementándoas no IPC dese ano (3.2%) máis o 28%, coa finalidade de que o 28% se lle ingrese ó concello para facer fronte ó consumo da enerxía eléctrica dos bombeos de Orto e Donas. Co que, a partires desta data, sí se comezou a aboar un CANON ó concello.

TERCEIRO - o art. 1.091 do C.Civil, establece que as obrigacións que nacen dos contratos teñen forza de lei entre as partes contratantes, e deben cumprirse segundo o teor deles. E o art. 1098 establece que se o obrigado a facer algunha cousa non a fixera, mandarase executar á súa costa. Así mesmo, se a fixera contravindo o teor da obriga, mandarase executar á súa costa

O adxudicatario do servizo tiña a obriga de prestalo e asumir o custo do subministro de enerxía eléctrica dos bombeos de Orto e Donas, a cambio ten o dereito de percibir o importe das tarifas a aboar polos usuarios do servizo, tal como así lle foi adxudicado o contrato en pleno do día 14 de xullo de 2004 e tal como así se viña efectuando, coa salvidade, a máis abundancia, por un lado de que ás tarifas se lles viña aplicando o incremento do IPC e por outro que ata o ano 2013 se lle aboou a subvención de 31.255, 75 euros distribuídos entres as anualidades 2004-2013.

Posteriormente, e como xa se indica no apartado anterior, o Pleno do 9/11/2011 acorda incrementar as tarifas nun 28% (sobre as tarifas dese ano 2011 co incremento do IPC do 3.2%, que correspondería a Espina y Delfín). Este incremento do 28%, será o canon que Espina y Delfín deba ingresar ó concello, tal como así se reflicte na acordo plenario do día 16/12/2011, de aprobación definitiva da ordenanza.

Polo tanto, resulta:

Tarifas 2011 + 3,2% = subvención Espina Delfín.

Este importe (subvención Espina Delfín) + 28% = Canon Concello.

CUARTO - Tal como establece o art. 1258 do C.C., o contrato quedou perfeccionado desde o momento no que se adxudicou e o adxudicatario o aceptou, e desde ese momento o contrato obriga ás partes ó cumprimento do pactado e das súas consecuencias. E o pactado foi prestar o servizo a cambio das tarifas nese momento existentes cos correspondentes incrementos do IPC e a subvención de 31.255,75 euros distribuída entre os anos 2004-2013.

Os termos do contrato eran claros e non deixaban dúbida sobre a intención de ambas partes contratantes, en canto que a cláusula núm. 7 establece claramente que o mantemento das estacións de bombeo e E.T.A.P corresponde á concesionaria.

Polo tanto, non cabe xulgar neste caso a intención dos contratantes atendendo ós seus actos coetáneos e posteriores ó contrato, como establece o art. 1.282 do C.C., posto que a intención no momento da realización do contrato era clara, e non consta ningún escrito posterior asinado entre a empresa adxudicataria e o concello, no que se adquira o compromiso por parte do concello de asumir tales gastos.

Non obstante, é xusto recoñecer que a empresa adxudicataria executou obras varias sen custo para o concello, pero tamén o é, que foi a cambio da ilegal ampliación do contrato ata o ano 2043, o que evidentemente debe ser rectificadada e, en todo caso, considerar a ampliación como máximo ata o 21.07.2029, equivalente ós 25 anos que como máximo permite a lei de contratación de xestión de servizos públicos.

En canto ó canon a percibir polo concello desde que se acordou no pleno de 9/11/2011, e tal como indica a Deputación no seu informe, de seguir mantendo o contrato coa actual adxudicataria, Espina y Delfín,SL, esta debe seguir aboando o referido CANON ó concello.

Pola contra, de eliminar o CANON a favor do concello, isto suporía un cambio substancial, e en consecuencia o concello terá que iniciar unha nova tramitación para a licitación dun novo contrato.

Neste último caso, e xa como se ten indicado nos antecedentes 9 e 10, débense ter en conta, por un lado a indemnización que correspondería á empresa Espina y Delfín, SL polas obras executadas e por outro lado, o consumo de enerxía eléctrica aboado polo concello e que correspondería aboar a Espina Delfín

Adóptase a seguinte proposta de acordo:

1.- Non prorrogar o contrato de concesión da explotación do servizo de abastecemento de auga potable do municipio asinado con Espina Delfín.

2.- Comunicar a Espina Delfín que deberá aboar ao concello de Boqueixón o importe de 127.407,97 euros, tal como se deduce do estudo económico descrito nos apartados nove, dez e once dos antecedentes deste acordo.

3.- Comunicar este acordo a Espina Delfín e darlle un prazo de 10 días hábiles para que presente as alegacións que estime pertinentes.

11. Informe de Secretaría

Dáse conta do seguinte informe:

“ANTECEDENTES:

Acordo plenario do 10 de xullo de 2013, polo que se acordou trasladar a documentación que consta no arquivo ao Centro Sociocultural Juan Fernández Latorre, de Codeso.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

1. Artigo 51 da lei de bases de réxime local que establece que: “os actos das Entidades Locais son inmediatamente executivos, salvo naqueles casos nos que unha disposición legal estableza o contrario ou cando se suspenda de acordo coa lei.

2. Artigos 56 e 57 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, que establecen: “Os actos das administracións públicas suxeitas ó Dereito Administrativo serán executivas de acordo co disposto nesta lei”. “Presumiranse válidos e producirán efectos desde a data na que se diten, salvo que neles se dispoña outra cousa. A eficacia quedará demorada, cando así o esixa o contido do acto ou estea supeditada a súa notificación, publicación ou aprobación superior”.

INFORME:

O persoal municipal, no desenvolvemento do seu traballo, xera numerosa documentación para o cal se precisa dispor dun espazo suficiente e necesario para o cumprimento das funcións inherentes a cada posto.

Habitualmente, a medida que se vai finalizando a tramitación de cada expediente, pero que aínda pode ser obxecto de revisión, dáse traslado do expediente completo á arquivista para o seu arquivo. Con isto, garántese que o expediente en cuestión, non sexa manipulado de xeito consciente ou inconscientemente ou, incluso que non sexa obxecto de perda ou extravío total ou parcial.

Debemos e estamos obrigados a tomar conciencia de que os arquivos son a primeira plataforma para o coñecemento da verdade e a protección dos dereitos dos cidadáns, para garantir a seguridade e a transparencia das administracións e para salvagardar a memoria individual e colectiva.

Sen embargo, para poder archivar os expedientes, a arquivista municipal, que é a responsable, de que estas funcións se leven a cabo correctamente, necesita dispor dun espazo suficientemente amplo para o arquivo dos expedientes, en caso contrario non lle queda máis remedio que amontoalos en calquera recuncho dispoñible e incluso, como neste momento nos está acontecendo, comunicarnos aos distintos departamentos que non debemos trasladarlle máis documentación posto que non dispón de espazo axeitado para a súa colocación.

Con isto, prodúcese o que está ocorrendo nas oficinas xerais, que existe unha serie de expedientes amontoados, totalmente á disposición de calquera que poida ter acceso á casa consistorial en calquera momento de non acceso ó público, co inconveniente que pode causar.

Por isto e porque así a lei o esixe, é absolutamente necesario que se de cumprimento ó acordado polo pleno o 10 de xullo do 2013 e se adecúe o centro sociocultural de Codeso para trasladar documentación que carece de vixencia administrativa e non contén documentación de frecuente consulta.

*Boqueixón, 3 de marzo de 2015
A secretaria – interventora
Elena Suárez Rodríguez”*

O Sr. alcalde di que mellor que no centro sociocultural de Codeso, sería trasladar a documentación a unha posible edificación, que se realice na parcela que está en fronte do concello, e unha vez que esta se adquira, cando a deputación conceda a subvención.

12. Información da alcaldía

Dáse conta dos decretos habidos desde o 12/01/2015 ata o 6/03/2015, do cal se dan por enterados.

13. Moción número 15/378 do PP

O grupo municipal popular, ao amparo do disposto nos artigos 91.4 e 97 do regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais presenta ante o Pleno da corporación municipal esta moción relativa a promover medidas dirixidas a mellorar a situación da muller no deporte.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Resultan evidentes os avances sociais das mulleres en todos os ámbitos, pero a pesar da aparente igualdade de oportunidades entre homes e mulleres, existen aínda obstáculos que dificultan a igualdade efectiva. O deporte, como actividade plenamente integrada na nosa sociedade, non é alleo a esta realidade.

A incorporación das mulleres ao deporte a nivel internacional e nacional, foi un proceso lento e custoso que aínda nos nosos días non está plenamente consolidado, en moitos casos, segue sendo un ámbito limitado á muller e xa non só a nivel de práctica ou de participación en competicións, senón tamén de representatividade nas diferentes estruturas deportivas, visibilización nos medios de comunicación, etc.

Por todo o anterior, o Grupo Municipal do Partido Popular no concello de Boqueixón, eleva ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

1. Por en marcha programas de dinamización da participación feminina nas actividades deportivas do concello, en todas as idades, para impedir o abandono da actividade deportiva nas idades máis novas e para fomentar a práctica de deportiva idade adulta e entre as mulleres maiores, tanto nas escolas deportivas municipais como nos clubs subvencionados polo Concello.
2. Incorporar nos programas públicos municipais de desenvolvemento do deporte o principio de igualdade real e efectiva entre mulleres e homes no seu deseño e execución.

3. Instar á Xunta de Galicia a:

- a) Elaborar un Protocolo para a prevención, detección e actuación fronte ao acoso e abuso sexual no deporte.
- b) Establecer un marco de colaboración institucional en materia deportiva que vele pola Igualdade de trato e non discriminación da muller, así como a promoción do deporte feminino nos distintos concellos galegos.
- c) Promover a visibilización do deporte feminino, impulsando campañas de sensibilización e promoción, eliminando os estereotipos en colaboración coa FEGAMP.
- d) Potenciar o deporte feminino a través de medidas concretas nas políticas de fomento desenvolvidas no ámbito dos axentes deportivos que coadruen neste obxectivo.

O señor Canabal di celebrou esta iniciativa do grupo do PP de Boqueixón, entendo que é en relación as tres xogadoras do Club Leis 26 de Fútbol Sala de Pontevedra.

Mais non podemos denunciar o machismo no deporte e non facelo nos demais ámbitos da sociedade e temos tamén que denunciar as fortísimas violencias e recortes que as mulleres sofren por mor das políticas patriarcais e capitalistas do PP.

Recortes no ensino, con falta de prazas públicas na rede de escolas infantís de 0 a 3. Pois a conciliación segue a ser exclusividade das mulleres.

Recortes na sanidade, onde as máis prexudicadas seguen a ser as mulleres. Discriminación no acceso a mamografías, xinecoloxía segue a ser unha das especialidades sanitarias con máis lista de espera. Eliminación da rede pública o acceso a tratamentos de reprodución asistida para mulleres sen parella e para as lésbicas.

Ataque sen precedentes a clase obreira ca escusa desta estafa que lle chaman crise. Onde as mulleres seguen a cobrar menos salario, ocupan un número importantísimo dos empregos a media xornada e por horas, e con condicións laborais máis precarias. Un exemplo son as mulleres que traballan no emprego doméstico, onde entre outras cousas teñen un regulamento co que non cotizan para o cobro dun subsidio por desemprego cando finaliza o contrato.

A día de hoxe a retirada da Lei do aborto foi parcial, pois aínda temos pendente que as mozas de 16 e 17 anos teñan o dereito a abortar sen ser co acompañamento dos seus pais e nais.

E coñecido por todos como dirixentes do PP acompañan a miúdo a organizacións patriarcais e relixiosas da chamada defensa da familia. Opoñéndose o dereito das mulleres de decidir e disfrutar libremente dos nosos corpos. Pois a sexualidade non é maternidade e parir non é o destino da muller.

Desde o goberno do PP o desmantelamento da estrutura pública na defensa da igualdade de mulleres foi brutal: peche do Instituto Galego de Igualdade, peche dos COF (centros de orientación familiar), recortes nas axudas a maternidade ou as familias monoparentais das cales o 90% son sostidas por mulleres.

Por iso celebrou a moción, aínda que no seu caso, sexa, como se acaba de ver, claramente demagóxica.

Por unanimidade apróbase dita moción número 15/375 do PP.

14.Rogos e Preguntas.

Antes de pasar o punto de rogos e preguntas, dáse contestación á pregunta formulada polo sr. Canabal na sesión plenaria ordinaria do 14/01/2015.

1. “Sobre un xuízo por un sinistro cunha tapa dun sumidoiro nunha pista municipal.

- Cal foi a resolución do xuízo celebrado esta semana?
- Quen é o responsable nestes casos? O concello ou a empresa concesionaria do saneamento?

Responde o señor alcalde que con data 27 de xaneiro de 2015, número de entrada 15/140, recíbese no concello notificación da sentenza de 22 de xaneiro de 2015 do Xulgado do Contencioso – Administrativo número 2 de Santiago , no recurso PA 1064/2014, cuxa parte dispositiva é a seguinte:

“ Desestímase o recurso contencioso - administrativo número 1064/2014, interposto por REALE SEGUROS GENERALES SA e Don Ernesto xxxxx, contra o acordo da Xunta de Goberno do Concello de Boqueixón, de data 19 de xuño de 2014, polo que se desestimou a reclamación de responsabilidade patrimonial presentada polos danos ocasionados no vehículo xxxxx, ao pasar o día 14 de setembro, segundo se indica, sobre un sumidoiro en mal estado, de tal modo que a tapa afundiuse, saltando o arillo e provocando danos no vehículo. As costas impóñense á parte actora, cunha limitación de 300 euros...”

PREGUNTAS:

1º Sobre a denuncia da escola infantil e acta de inspección:

Con data 26/01/2015 recibíuse no Servizo de Inspección de Familia e Menores queixa denuncia contra a EIM de Boqueixón. No escrito a persoa reclamante solicita que se realicen as actuacións pertinentes para aclarar os feitos sucedidos ao seu fillo, usuario de dita escola infantil durante o curso 2013 – 2014.

Realízase a inspección por denuncia presentada por (???) e realízanse entrevistas individuais a todo o persoal traballador da escola (agás á directora que se atopa de permiso). Faise un percorrido polas instalacións, revísase a documentación e a persoa responsable facilita ao persoal inspector datos das familias (??).

No percorrido polas Instalacións obsérvase que hai espellos nas aulas con (??) compre retirar e instalar outra medida de suxeición por poder resultar perigosos para os nenos.

Na sala 0-1 anos a sensación térmica é de frío e o termómetro está por debaixo dos 20º. Cómpre emendar estas deficiencias e acreditar a súa emenda no prazo máximo dun mes. No rexistro tamén puiden ver que hai algunha factura, tentando arranxar as deficiencias na Escola Infantil mais cómpre saber.

- Por que se realizou unha denuncia?
- Por que as aulas están frías?
- Realizáronse todas as correccións?

Responde o señor alcalde que en canto á realización da denuncia pode vostede poñerse en contacto coa traballadora social e coa directora da escola, para solicitarlle todas as explicacións que estime convenientes.

En canto ás aulas frías, efectivamente na sala de 0 a 1 a sensación térmica era de frío e o termómetro estaba por debaixo dos 20°. De todos os xeitos o problema xa se arranxou, aumentando os elementos do radiador existente.
En canto as correccións, si se arranxaron todas.

2º Sobre o uso do combustible nos centro médicos.

En canto á situación nos centros médicos, temos queixas de veciños, sobre todo con nenos pequenos que nos din que concretamente no Centro Médico de Lestedo, os días que hai servizo de Pediatría, non funciona a calefacción.

- Encárgase aínda o concello do mantemento nos centros médicos?
- En caso afirmativo, porque se mantén sen calefacción estes centros?
- En caso negativo, porque non se traslada a quen sexa responsable para que teña nunhas condicións óptimas estes centros?

Responde o señor alcalde que si, que de momento segue encargándose o concello do seu mantemento, a pesares de ter aprobado en Pleno o convenio para a cesión ao SERGAS. Precisamente desde a FEGAMP estase levando este tema coa Xunta de Galicia para que axilicen a asunción dos centros.

En canto á calefacción, sempre se subministra o gasóleo correspondente para o seu funcionamento. Posiblemente houbo algún retraso nalgún momento, pero tan pronto chamaron ao concello xa se subministrou o gasóleo.

3º Sobre a situación de mantemento dos parques infantís

O estado de abandono das instalacións municipais está rozando uns límites moi perigosos. En concreto os parques infantís están totalmente descoidados; e son xa varias as queixas que me chegaron do caso particular de Lestedo, que ten un grande uso entre os nenos.

A porta do parque hai xa anos que falta e o piso está nunhas condicións lamentables, sendo perigoso para os propios nenos.

- Por que non se fai un mantemento adecuado dos espazos públicos, en concreto, daqueles empregados por nen@s?

Responde o señor alcalde que a porta xa foi colocada tres veces e as tres foi arranxada, polo que xa deixamos de poñela.

4º Sobre a moción aprobada no pleno para coñecer os datos das melloras ofertadas por SERMASA para os servizo de axuda no fogar.

No pleno do 26 de novembro, aprobouse por unanimidade unha moción na que se solicitaba:

- Primeiro: O concello de Boqueixón auditará o servizo de axuda a domicilio, e comprobará que se cumpren todos os servizos ofertados pola empresa.
- Segundo: O concello de Boqueixón porá a disposición de todos os concelleiros da corporación a documentación acreditativa da empresa sobre o servizo de axuda a domicilio.

- Terceiro: De detectarse algunha irregularidade, o concello de Boqueixón iniciará os trámites para a resolución da adxudicación do servizo de axuda a domicilio. Pasados xa 4 meses, non temos ningunha información sobre o solicitado na moción.
- Por que non son máis dilixentes no cumprimento das mocións?
- Cando imos dispor dos datos solicitados nesta moción?

Responde o señor alcalde que pode solicitarlle toda a documentación á traballadora social.

5º Sobre as actas dos plenos publicadas en internet

Na páxina web do Concello están expostas as actas do pleno da corporación. Mais curiosamente, vistas as actas colocadas na rede, vemos como o equipo de goberno exerce a súa censura.

Concretamente no ano 2012 faltan 3 actas:

- 26/10/2012: Acta na que o alcalde pretendía aprobar unha dedicación parcial ao concelleiro Adolfo Gacio.
- 14/11/2012: Acta na que o alcalde pretendía subirse o solo, cuestión que por escandalosa, quedou sobre a mesa.
- 21/12/2012: Acta na que entra o concelleiro Neira Varela en substitución do ex-alcalde e cando se aproba o prego de cláusulas administrativas do tanatorio – velorio, ese que vostedes vulneraron en moitos dos seus puntos.

As preguntas son directas:

- Porque exercen a censura?
- Porque non colgan “todas” as actas na web?

E en relación á web, solicitar tamén que se estableza un apartado de suxestións e queixas.

Responde o señor alcalde que non se exerce a censura e cólganse todas as actas en internet.

Esas tres actas, puido ser un despiste administrativo naquel momento porque coincidiu co cambio da páxina web.

6º Sobre as operacións de tesourería do ano 2014 a Bankia

Nas Ordes de Pago e Ingreso do mes de marzo de 2014, concretamente o 27/03/2014, vexo que se realizou (ou non) un movemento de tesourería de 200.000 € á conta de Bankia. Digo ou non, porque non queda claro vendo o expediente, se ao final foi feita ou non.

- Realizouse a transferencia?
- En caso afirmativo, para que se fixo?
- En caso negativo, por que aparece?

Responde o señor alcalde que: Si se realizou o 27/03/2014.

Posteriormente, cancelouse o préstamo que o concello ten con ABANCA con cargo ao remanente de tesourería por importe de 163.000,00 €. Quedando en Bankia un remanente de 37.000,00 €.

Con data 25/09/2014 transferiuse a Bankia 100.00,00 € en base a un acordo previo polo que se remunera o depósito en 1,15.

7º Sobre os pagos a Estudio Técnico Gallego 2014. Hai un pago mensual duplicado

Vistos a relación de pagos ao Estudio Técnico Gallego que me facilitaron (2000 – 2014) vexo en primeiro lugar que ten que faltar pagos, posto que non existen todos os anos 12 transferencias mensuais correspondentes ao Asesoramento Técnico Urbanístico.

Por outro lado, no ano 2014 localízanse dous apuntamentos correspondentes ao mesmo mes.

Pedía eu a relación completa de pagos a esta empresa, e polo que vin, esta é tan só parcial.

- É posible que me pasen TODOS os pagos feitos?

Responde o señor alcalde que: En canto ao pago duplicado de Estudio Técnico Gallego, non foi tal pois fíxose un barrado posto que se cometeu un erro ao contabilizar. Realmente o pago foi único e co número de referencia co que se contabilizou.

En canto ós apuntamentos do mesmo mes, débese ter en conta que en maio asinou o novo contrato polo que se fixo un pago do 1 ó 14 de maio (antigo contrato) e outro do 15 ó 31 de maio (novo contrato). Ademais, no mesmo mes de maio aboouse a factura do mes de xuño.

En canto a documentación que solicita debe pasar polo departamento de contabilidade para indicarlle exactamente a documentación que precisa ver.

8. Sobre o Rexistro Civil.

O pasado pleno do 25 de setembro presentaba eu unha moción relativa ao mantemento do servizo de Rexistro Civil nos Xulgados Municipais.

Na mesma sesión o alcalde de Boqueixón asegurou que segundo noticias recibidas do seu grupo esta reforma non seguirá para diante e polo tanto os Rexistros seguirán igual. Foi despois disto, que accedín a retirar a moción.

O pasado domingo puideren ver no “País” a seguinte nova:

LOS CIUDADANOS PAGARÁN LA NUEVA GESTIÓN DEL REGISTRO CIVIL

El PP presenta enmiendas elaboradas por el colegio de registradores mercantiles

El Gobierno aseguró que sería gratuito

FERNANDO GAREA

El Gobierno está negociando con los registradores mercantiles nuevos aranceles y nuevas gestiones por las que los ciudadanos deben pagar para compensarles por asumir la gestión del registro civil, según un documento interno del Ministerio de Justicia. El Gobierno busca la forma de retribuirles de forma encubierta a través de enmiendas al proyecto de ley de medidas de reforma administrativa en el ámbito de la Administración de Justicia y del Registro Civil que se tramita en este momento en el Congreso.

El anterior Gobierno promovió en 2011 un cambio legal que se aprobó en el Congreso por unanimidad para desjudicializar el registro civil. Dejó en el aire qué funcionarios asumirían la gestión hasta que el anterior ministro de Justicia, Alberto Ruiz-Gallardón, decidió que serían los registradores mercantiles los que asumieran esa

función a pesar de que no tienen nada que ver con ese cometido, con el compromiso de no provocar encarecimiento o coste para los ciudadanos por el uso de este servicio que ahora es gratuito.

Sin embargo, los registradores mercantiles exigieron compensaciones que el actual titular de Justicia, Rafael Catalá, busca cómo satisfacer. Son funcionarios, pero sin salario público, con ingresos que dependen de sus gestiones y, además, deben utilizar a más personal para hacerse cargo de la gestión del registro civil. Por eso, las enmiendas que estudia Justicia y que presentará el PP en los próximos días han sido negociadas con el Colegio de Registradores, y en los borradores se establecen nuevos cometidos que sí costarán dinero a los ciudadanos. Por ejemplo, se establece que los poderes y los registros de seguros deben ser inscritos, trámite que hasta ahora no era necesario y por el que cobrarán los registradores.

Fuentes de Justicia admiten que esas peticiones están incluidas en un “documento interno de trabajo” que sirve de borrador de las enmiendas y en el que se habla abiertamente de mecanismos para que los ciudadanos paguen de forma encubierta esa gestión del registro civil. Estas fuentes aseguran que aún no hay nada decidido.

El borrador de enmiendas negociado con los registradores, con membrete de la Subsecretaría del Ministerio de Justicia, contiene anotaciones como “hay que meter la vecindad civil ya que puede ser una fuente de financiación”; “la inscripción de poderes de las personas físicas y su revocación es una posible fuente de financiación de la que no se puede prescindir”; “se considera fundamental la referencia a la constancia registral del domicilio registral y la dirección a efectos y notificaciones ya que es una posible fuente de financiación y por consiguiente imprescindible para financiar el coste del registro civil” y “el colegio considera fundamental la referencia al libro de familia, por entender que es una posible fuente de financiación y como tal irrenunciable”.

Es decir, se establecen gestiones nuevas referentes, por ejemplo, a los libros de familia y a inscripciones no existentes para que puedan tener más ingresos, a costa del ciudadano que debe realizar esas gestiones. Otro ejemplo: se obliga a inscribir el cese de los poderes notariales y el año pasado, según datos oficiales, se firmaron casi un millón en toda España.

En una de las enmiendas se especifica que “es fundamental” el artículo que “da sanción legal a que reglamentariamente puedan devengarse honorarios para aquellos asuntos de carácter voluntario y que respondan al interés particular del ciudadano (poderes, régimen económico, vecindad civil, expedición libro de familia, expedientes de cambio de nombre y apellidos de parejas de hecho). Es necesario buscar una fuente de financiación”.

Para que quede claro, los registradores proponen añadir entre las funciones del registro civil una más indeterminada y abierta al futuro: “Cualesquiera otros hechos o actos relativos a las personas físicas previstos en las leyes”. Y añaden una disposición final: “Se habilita al ministro de Justicia para aprobar en el plazo de tres meses desde la publicación de esta ley en el BOE, los aranceles correspondientes a la intervención de los registradores de la propiedad y mercantiles respecto de los asuntos, actas, escrituras públicas, expedientes, hechos y actos inscribibles para los que resulten competentes conforme a lo dispuesto en esta ley”. Con ambos preceptos queda abierto

que puedan recibir más ingresos en los próximos años como compensación.

Además, el Ministerio de Justicia ya ha dado pasos en los últimos meses para lograr de forma discreta más fuentes de ingresos para los registradores, coincidiendo con la asunción de los registros civiles. Por ejemplo, una instrucción publicada en el BOE el pasado 12 de febrero obliga a registrar las actas y libros contables de las empresas y un reglamento del registro mercantil con una disposición transitoria que establece nuevas reglas arancelarias.

Otro punto controvertido es que los registradores mercantiles (120 en toda España) tendrán en su poder la mayor base de datos de los ciudadanos que exista, porque incluye residencia, situación familiar, propiedades, hipotecas, etcétera. Es decir, será la mayor base de datos unificada de España.

Los 120 registradores mercantiles, además, no tienen implantación en toda España y, por tanto, el hecho de que ellos asuman la gestión del registro civil generaría también problemas en algunos lugares.

El Grupo Parlamentario Socialista registró el viernes la petición de comparecencia del ministro de Justicia en el Congreso, "para informar de los planes del Gobierno para hacer exclusivos depositarios de la seguridad jurídica preventiva en España al cuerpo de Registradores, así como la forma en que tiene previsto financiar los servicios que cada nueva Ley les encomienda, garantizar el mantenimiento de la privacidad de datos muy sensibles incluidos en los diversos registros y compatibilizar dicha exclusividad con los derechos de los ciudadanos".

- Ten o alcalde algunha outra información para compartir cos concelleiros da Corporación ao respecto do tema?
- Mentiu o alcalde no Pleno?
- Mentíronlle ao alcalde?

Responde o señor o señor alcalde que “de momento non teño coñecemento de nada, polo que non lle podó responder. Cando saiba algo comunicareillo”.

ROGOS:

1 Sobre o servizo de internet, da enerxía e o cable no Centro de Saúde de Lestedo.

Cómpre manifestar que nos últimos anos, non vin un nivel de descoido xeral tal como o que estamos vivindo na actualidade; un descoido xeneralizado das instalacións municipais, un descoido total na prestación dos servizos propios, e un descoido tamén nas demandas necesarias para que os veciños gocemos dun nivel adecuado de servizos básicos, tales como o teléfono e a luz.

En canto aos casos enerxéticos, temos que reflectir unha carencia de fluxo enerxético no núcleo urbano de Lestedo, e á vista está a situación da centralíña no campo da Feira, practicamente derruído.

En canto ás liñas telefónicas, están a chegar queixas de veciños de Sergude aos que non lle dan acceso á liña telefónica para así poder acceder a Internet. E os veciños que teñen liña, teñen un internet que vai a pedais. Todo isto a 10 km de Santiago e en pleno ano 2015.

Ante estes problemas non vemos unha áxil resposta por parte do Concello á hora de demandar servizos básicos acordes cos tempos nos que vivimos; sempre nos escudamos en que a empresa é moi forte, en que non nos fan caso... mais temos que darlle a volta a esta situación, que precariza a vida normal dos veciños.

En canto á liña de Internet, tal e como xa o temos falado, coñecemos que o cable actualmente está no Centro Médico de Lestedo, o que nos permitiría poder conectalo á liña de teléfono existente para así ter máis capacidade na rede. Mais neste caso, e ata onde sei, non se fixo nada.

E por todo isto polo que solicito do Goberno Municipal unha resposta áxil aos problemas cotiás que estou a expoñer. Non só de asfalto vive o home.

2. Preguntas efectuadas no Pleno de novembro de 2014 e reiteradas no Pleno de xaneiro.

Sigo sen ter resposta sobre as preguntas:

- En relación á compra dun RIDER non respostaron por que se decide un modelo concreto, é dicir, cales son as razóns técnicas para decidir isto.
- En canto ás preguntas sobre o saneamento do Gafo, sigo se saber porque existindo unha certificación de obra esta non corresponde coa realidade, cal foi a colaboración de RAMSA e porque existe unha diferenza entre as arquetas marcadas no proxecto (15) e as instaladas (9).

O alcalde na anterior sesión dixo que tería contestación por escrito, e van 4 meses.

Responde o señor alcalde que estas preguntas si foron contestadas no Pleno do 26 de novembro de 2014. Se as contestacións dadas nese Pleno non resultaron aclaratorias, autorízase ó señor Canabal que pida máis información nos departamentos de emprego e no departamento de obras, posto que eles foron os que tramitaron a solicitude.

No Pleno de xaneiro, as preguntas eran sobre a limpeza de espazos públicos e o uso do RIDER e foi contestada nese mesmo pleno. Sobre Gafo non se fixo pregunta algunha nesta sesión que tivo lugar o 14 de xaneiro do 2015.

O señor Barcala fai os seguintes:

ROGOS:

1. Rogo se proceda á limpeza e desbroce das cunetas das pistas municipais, que unha vez pasados o inverno están nunhas condicións lamentables, e moitas delas teñen fochas moi grandes, concretamente na parroquia de Lamas hai un bo que papei o outro día co meu coche.

2. Rogo se faga caso á asociación de veciños de San Salvador de Ledesma, que ven reclamando en todas as Administracións o deficiente estado do alumeado, e da limpeza da Ponte Ledesma, posto que este concelleiro xa está canso de reclamar insistentemente sobre este problema en innumerables ocasións, e durante varias lexislaturas. Non se esquezan vostedes des que esta ponte é un dos patrimonios culturais e artísticos máis importantes do noso concello. Non en vano forma parte do escudo do concello de Boqueixón.

PREGUNTAS:

1. ¿Qué pasa coa varredora que ten o concello, que parece ser que non se usa, polo menos eu non a vexo traballar. Sen ir máis lonxe ó día seguinte da “Festa da Filloa” de Lestedo, pasei por alí e a limpeza facíase á man. É unha magoa que despois de gastarnos 120.000 € nunha varredora a teñamos de adorno?. Despois dunha compra un tanto sospeitosa sobre do tipo de máquina a elixir, na que o meu entender non se comprou a máis adecuada, se non que se comprou a máis bonita, por así dicilo.

Responde o señor alcalde que o consumo é excesivo e ademais non hai persoal para a súa utilización.

2. ¿A qué corresponde a factura ED-00 18/15 por un importe de 2.038,95 € con data 20/02/2015. Ten proxecto esta obra feita por OVIGA?. Hai outra coa mesma data, de OVIGA, por importe de 2.905,21 € e unha terceira de 1.702, 47 €. Todas en Camporrapado.

Responde o señor alcalde que o proxecto é o do POS 2014, “Senda peonil na Corna (Camporrapado) e outro.

Este proxecto incluía as beirarrúas en formigonado , por isto previa proposta de gasto acreditativa da existencia de crédito, contratouse coa mesma empresa adxudicataria do POS (OVIGA) o pulido das beirarrúas. O mesmo se fixo coas arquetas e adaptación de pozos e a colocación de reixas.

3. ¿Que se vai facer co escombros do local social de Noente (Ledesma) que aparece amoreado no monte, sen reciclar e sen limpar. Existe un protocolo de actuación que ven en todos os proxectos. ¿Qué pasou aquí para non levalo a cabo? Por enriba de facer unha animalada enchendo unha carballeira de formigón, aínda non limpan nin recollen os restos das súas excentricidades.

Responde o señor alcalde que lle contestará por escrito.

Sen máis, asuntos que tratar, o presidente remata a sesión e eu redacto a acta como secretaria.

A secretaria

Visto e Prace
O alcalde